

POBOACIÓN ACTIVA, OCUPADA,
PARADA E INACTIVA

3

3.1. As variables básicas do mercado de traballo no ano 2001

Neste capítulo analizáremo-lo comportamento das variables básicas do mercado laboral galego no último ano, e enxertarémolas nun contorno temporal máis amplo, para avaliar mellor a súa evolución. Cómpre subliñar, no tocante á EPA, que o cambio de seccionado da mostra no ano 2000 pode introducir algún sesgo á hora de avaliar os datos das diferentes magnitudes do mercado laboral respecto dos anos anteriores; a partir de xaneiro de 2002 houbo cambios en profundidade na EPA que non comentaremos agora porque non afectan ó período estudado neste Informe.

Como nos Informes dos anos anteriores, comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia coa evolución xeral da última década en Galicia e España de distintas variables nas que logo afondaremos na nosa análise ó longo deste mesmo capítulo: A poboación de 16 ou máis anos, a activa, a ocupada, a parada e a inactiva. O cadro 3.1 amosa esa evolución; sobrancearemo-los seguintes puntos:

■ Cadro 3.1
**Evolución das variables básicas do mercado de traballo.
Galicia/España. 1992-2001**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Poboación total										
Galicia	2.740,8	2.785,9	2.812,9	2.825,0	2.742,6	2.731,0	2.724,4	2.730,3	2.731,9	2.732,9
España	39.137,0	39.790,9	40.230,3	40.460,1	39.669,4	39.806,0	39.852,7	40.202,2	40.499,8	41.116,8
Poboación de 16 e máis anos										
Galicia	2.284,5	2.297,4	2.290,6	2.283,7	2.293,4	2.305,6	2.315,6	2.323,0	2.328,3	2.331,2
España	31.099,4	31.374,7	31.685,6	31.996,8	32.215,2	32.420,2	32.600,5	32.752,0	32.876,1	32.974,5
Activos										
Galicia	1.161,5	1.163,6	1.121,1	1.115,1	1.112,3	1.095,9	1.114,0	1.135,5	1.151,4	1.135,2
España	15.193,0	15.405,8	15.468,5	15.722,0	16.035,4	16.207,3	16.305,0	16.603,5	16.912,6	17.080,3
Ocupados										
Galicia	963,4	944,4	908,8	914,1	899,4	905,6	924,4	952,7	987,4	985,1
España	12.145,9	11.723,5	11.770,0	12.142,7	12.543,6	12.914,6	13.342,1	14.041,5	14.610,8	14.866,9
Paro estimado										
Galicia	198,1	219,2	212,3	201,0	212,9	190,4	189,6	182,8	164,0	150,1
España	3.047,1	3.682,3	3.698,4	3.579,3	3.491,8	3.292,7	2.963,4	2.562,0	2.301,8	2.213,4
Paro rexistrado										
Galicia	183,7	201,7	196,1	185,1	175,6	170,7	152,8	142,4	142,2	138,4
España	2.360,4	2.705,8	2.556,8	2.376,9	2.216,1	2.075,6	1.785,7	1.613,8	1.556,4	1.574,8
Inactivos										
Galicia	1.112,7	1.124,6	1.160,1	1.159,5	1.172,9	1.199,9	1.196,6	1.181,1	1.172,0	1.194,7
España	15.738,6	15.810,5	16.054,4	16.106,6	16.027,8	16.067,9	16.196,1	16.039,9	15.900,4	15.872,3

Datos en miles do 4º trimestre agás os de paro rexistrado (que son do mes de decembro) e os da poboación total (que son sempre dunha data entre xaneiro e xuño)

Fonte: INE, INEM e Fundación FIES (esta última para a poboación total de 1997)

■ A *poboación total* de Galicia presenta na última década un menor dinamismo que no total estatal, baixando lixeiramente mentres que a estatal subiu en case dous millóns de persoas (1.979.800). A porcentaxe de participación da poboación galega na total de España, xa que logo, é bastante menor no ano 2001 (6,64%) que en 1992 (7%), o que supón un descenso do 9,49% da participación de Galicia na poboación estatal nese período.

■ A poboación galega de 16 e máis anos presenta no último ano un lixeirísimo aumento (que ven sumarse ó do quinquenio anterior), que en termos relativos é menor que a suba estatal. Detéctase na análise da década un descenso da participación de Galicia no total de España: na poboación de 16 ou máis anos de 1992 a 2001 Galicia pasou de representa-lo 7,35% do total español ó 7,07%.

■ A *poboación activa* galega diminuíu no ano 2001 (rompendo a traxectoria ascendente do trienio anterior) e queda cun valor semellante ó do ano 1999. Pola súa banda, a poboación activa estatal medrou no último ano -como en tódolos da década analizada- pero a suba foi moito menor que no bienio anterior. A análise da evolución desta variable de 1992 ó 2001 amosa que Galicia baixou nun punto a súa participación no total estatal (pasou do 7,64% ó 6,64%).

■ A *poboación ocupada* de Galicia baixou lixeiramente no 2001, despois de ter no ano anterior o maior aumento da década 1991-2000 (34.700 persoas) e rompe así a traxectoria ascendente da ocupación do cuatrienio anterior. No total español continúa a suba da ocupación que se produce ininterrompidamente desde 1994, aunque certamente baixa o ritmo de xeración de emprego respecto do sexenio: 1995-2000. A porcentaxe da ocupación galega no total estatal presenta un descenso moi forte na última década (16,4%): Se en 1992 Galicia tiña o 7,93 % dos ocupados, no 2001 baixou ó 6,63%.

■ O *paro estimado* pola EPA de Galicia baixou de novo no 2001 (desta volta en 13.900 persoas), e o ano 2001 rexistrou o menor número de parados desde 1992; Galicia queda por vez primeira ó redor dos 150.000 desempregados nese período. No total español o desemprego baixou en 88.400 persoas no último ano (moito menos que en calquera ano do sexenio anterior). A participación do total de desempregados de Galicia no total estatal é (cos datos da EPA) algo maior no ano 2001 (6,78%) que unha década antes (6,50%).

■ O *paro rexistrado galego* no ano 2.001 diminuíu algo, continuando a traxectoria ininterrompidamente descendente desde 1993. No conxunto estatal, pola contra, subiu o paro computado polo INEM no último ano, rachando coa traxectoria descendente que se deu desde 1994. Na análise da última década, se en 1992 Galicia representaba o 7,78% do paro rexistrado no total do estado, en 2001 a porcentaxe é superior nun punto: 8,78% .

A *poboación inactiva* galega subiu no último ano en 22.700 persoas, mentres que no conxunto do estado baixou lixeiramente. En Galicia rómpese, coa traxectoria descendente do anterior trienio, mentres que no total español diminúe por terceiro ano consecutivo. Galicia ten en 2001 o 7,53% da poboación inactiva española, mentres que en 1992 a participación no total estatal era do 7,07%.

No cadro 3.2 podemos aprecia-lo comportamento por sexos das variables básicas do mercado de traballo galego no último sexenio; a súa análise permite ás persoas interesadas afondar na evolución diferenciada para homes e mulleres. Aunque en Galicia hai máis mulleres que homes, a súa presenza nas poboacións activa e máis ocupada segue a ser notablemente inferior (especialmente na segunda, aunque a suba ininterrompida do emprego feminino desde 1998 acurtou sensiblemente a diferenza no último cuatrienio).

Hai máis mulleres desempregadas que homes en tódolos anos analizados e a diferenza foi medrando ano a ano ata o ano 1999, no que ascendeu a 37.200 persoas. No ano 2000 esa diferenza reduciuse a 28.500 persoas e no 2001 a 22.400.

No tocante á distribución das persoas inactivas por sexo, no 2000 baixaran por segundo ano consecutivo as inactivas mentres que aumentaran (tamén por segundo ano consecutivo) os inactivos, aunque a brecha entre os dous sexos seguía sendo moi grande. O ano 2001 rexistrou subas das persoas inactivas nos dous sexos (porcentualmente superior nos homes).

Evolución das variables básicas do mercado de traballo. Por sexos. Galicia. 1996-2001


■ Cadro 3.2

		Homes	Mulleres
Poboación de 16 e máis anos	1996	1.094,8	1.198,5
	1997	1.099,0	1.206,6
	1998	1.085,6	1.230,0
	1999	1.095,5	1.227,5
	2000	1.107,0	1.221,3
	2001	1.103,6	1.227,7
Poboación activa	1996	649,3	462,9
	1997	644,1	451,8
	1998	644,9	469,1
	1999	652,3	483,2
	2000	662,7	488,6
	2001	651,0	484,2
Poboación ocupada	1996	549,5	349,8
	1997	556,4	349,2
	1998	565,1	359,3
	1999	579,8	372,9
	2000	595,0	392,4
	2001	587,2	397,9
Paro estimado	1996	99,8	113,1
	1997	87,7	102,7
	1998	79,8	109,8
	1999	72,5	110,3
	2000	67,8	96,3
	2001	63,9	86,3
Poboación inactiva	1996	437,3	735,6
	1997	445,2	754,8
	1998	435,7	760,9
	1999	436,8	744,3
	2000	439,3	732,7
	2001	451,2	743,5

Datos en miles do 4º trimestre

Fonte: INE (EPA)

Evolución do paro estimado



No cadro 3.3 presentámo-los datos por provincias das principais variables do mercado de traballo galego do último cuatrienio, para permitir realizar ás persoas interesadas unha análise da distribución territorial das mesmas. Complementámolo coa desagregación por sexos e provincias para o último ano que recolle o cadro 3.4.

**Evolución da poboación de 16 e máis anos. Ocupados, parados e inactivos.
Por provincias. Galicia. 1998-2001**

■ Cadro 3.3

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Poboación de 16 e máis anos						
	1998	942,6	317,4	297,6	758,1	2.315,7
	1999	947,2	316,3	297,1	762,4	2.323,0
	2000	951,0	315,0	296,5	765,8	2.328,3
	2001	953,7	313,4	295,5	768,6	2.331,2
Activos						
	Total					
	1998	434,8	152,1	139,7	387,3	1.113,9
	1999	457,1	153,7	135,5	389,2	1.135,5
	2000	453,6	156,4	139,3	402,1	1.151,4
	2001	462,2	147,4	137,3	388,4	1.135,3
Ocupados						
	1998	365,6	131,7	110,5	316,6	924,4
	1999	389,5	133,4	109,1	320,6	952,6
	2000	391,0	139,3	117,8	339,2	987,3
	2001	399,2	132,0	120,4	333,4	985,0
Parados						
	Total					
	1998	69,3	20,4	29,2	70,7	189,6
	1999	67,6	20,3	26,4	68,6	182,9
	2000	62,5	17,2	21,5	62,8	164,0
	2001	62,9	15,4	16,9	55,0	150,2
	Buscan 1º emprego					
	1998	16,9	6,8	8,7	18,2	50,6
	1999	18,7	6,9	7,2	18,4	51,2
	2000	16,4	3,3	5,9	13,8	39,4
	2001	16,5	4,0	4,1	9,8	34,4
Inactivos						
	1998	506,6	164,7	156,8	368,5	1.196,6
	1999	487,4	161,5	161,4	370,8	1.181,1
	2000	495,9	156,7	157,1	362,2	1.171,9
	2001	491,3	165,6	158,0	379,7	1.194,6

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

**Poboación de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica.
Por sexos e provincias. Galicia. 2001**

■ Cadro 3.4

		Poboación de 16 e máis anos	Activos				Inactivos
			Total	Ocupados	Parados		
					1º Empleo	Total	
A Coruña							
	Homes	455,7	271,2	241,9	6,9	29,3	184,3
	Mulleres	498,0	191,0	157,3	9,6	33,6	307,1
Lugo							
	Homes	149,3	83,2	76,3	1,7	7,0	65,6
	Mulleres	164,1	64,2	55,8	2,3	8,4	99,9
Ourense							
	Homes	141,5	79,1	72,6	1,6	6,5	62,2
	Mulleres	153,9	58,2	47,8	2,5	10,4	95,8
Pontevedra							
	Homes	357,0	217,5	196,4	2,9	21,1	139,1
	Mulleres	411,6	170,9	137,0	6,9	33,9	240,7

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

3.2. A poboación activa

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega, analizando primeiramente a evolución da taxa de actividade e despois o comportamento da poboación activa por sexos, por sectores económicos, por grupos de idade e por provincias.

3.2.1. Poboación activa e taxa de actividade

Comezarémo-lo estudo da poboación activa coa presentación da súa distribución por comunidades autónomas no último cuadrienio. O cadro 3.5 reflicte que se o crecemento dos activos en Galicia no ano 2000 fora inferior á media estatal (ó contrario que no bienio anterior), no 2001 baixa a poboación activa galega (nun 1,4%) mentres que sube algo (1%) a estatal. Por comunidades autónomas, o máximo crecemento dos activos no ano 2001 deuse por segundo ano consecutivo en Cantabria (6,6%) e o maior descenso en Asturias (5,1%).

A taxa de actividade recolle, como é ben sabido, a porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de dezaseis e máis anos. Nos Informes de anos anteriores xa salientabámo-la clara tendencia decrecente que presenta na análise a longo prazo a taxa de actividade galega e tamén que esta taxa se sitúa moi por baixo do nivel medio da OCDE ou da Unión Europea. No ano 2001 en Galicia volveu á senda descendente que caracterizou o período 1993-1997 e, despois de que a taxa de actividade galega subise no trienio 1998-2000, baixou no último ano 0,7 puntos e quedou situada no 48,7% (nivel semellante á do ano 1995), cun descenso nos dous sexos.

■ Cadro 3.5

**Poboación activa. Por comunidades autónomas.
1998-2001⁽¹⁾**

	Valores absolutos (en miles)				Distribución porcentual				Variacións anuais							
									Absolutas (en miles)				En %			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
Andalucía	2798,3	2879,0	2855,4	2958	17,2	17,3	16,9	17,3	15,2	80,7	-23,6	103,0	0,5	2,9	-0,8	3,6
Aragón	486,1	485,0	495,5	501,1	3,0	2,9	2,9	2,9	1,6	-1,1	10,5	5,6	0,3	-0,2	2,2	1,1
Asturias	386,2	390,7	397,9	377,5	2,4	2,4	2,4	2,2	-12,8	4,5	7,2	-20,4	-3,2	1,2	1,8	-5,1
Baleares	318,9	327,2	339,1	332,5	2,0	2,0	2,0	1,9	1,5	8,3	11,9	-6,6	0,5	2,6	3,6	-1,9
Canarias	675,8	692,7	707,9	736,7	4,1	4,2	4,2	4,3	12,7	16,9	15,2	28,8	1,9	2,5	2,2	4,1
Cantabria	205,9	198,4	211,7	225,6	1,3	1,2	1,3	1,3	-2,0	-7,5	13,3	13,9	-1,0	-3,6	6,7	6,6
C. A Mancha	658,4	667,3	677,9	688,1	4,0	4,0	4,0	4,0	15,1	8,9	10,6	10,2	2,3	1,4	1,6	1,5
C. León	998,8	999,4	993,8	1005	6,1	6,0	5,9	5,9	23,0	0,6	-5,6	11,1	2,4	0,1	-0,6	1,1

(1) Datos do 4º trimestre de cada ano da EPA (INE)

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Coyuntura Laboral Nº 56 e 60.

A análise da evolución na última década reflicte que a taxa de actividade quedou no ano 2001 dous puntos por baixo do rexistro de 1992. Nas mulleres quedou situada no mesmo nivel de hai unha década, mentres que nos homes baixou máis de catro puntos.

A diferenza da evolución en Galicia, no último ano no conxunto estatal a taxa de actividade subiu (en 0,4 puntos) e por sétimo ano consecutivo é maior que a galega (cando tradicionalmente adoitaba ocorrer o contrario), cunha diferenza que xa case é de tres puntos. Na distribución por sexos, a taxa de actividade estatal feminina supera por vez primeira á galega, mentres que a masculina segue ampliando o diferencial coa galega (que xa é de 5,2 puntos no ano 2001). O cadro 3.6 e o gráfico adxunto permiten segui-la evolución ano por ano das taxas de actividade na última década en Galicia e España.

Por comunidades autónomas, as taxas de actividade tiveron un abano no ano 2001 que foi do máximo de Madrid (57,0%) ó mínimo de Asturias (41,4%); o maior crecemento nese ano da taxa de actividade produciuse en Cantabria (3%) e o maior descenso en Asturias (-2,1%). O cadro 3.7 reflicte os datos do último trienio para cada unha das comunidades, o que permite unha análise máis polo miúdo para as persoas interesadas nel.

A distribución provincial e por sexos das taxas de actividade do último sexenio figura no cadro 3.8. Tres provincias seguen no ano 2001 a tendencia xeral de diminución vista no total galego para a taxa de actividade global mentres que aumenta na Coruña (precisamente a única provincia na que baixara no ano anterior). A taxa de actividade global menor segue a ser a de Ourense e á cabeza nesta taxa segue Pontevedra, (única provincia galega que superaba no pasado ano a media estatal, pero que agora está xa tamén por baixo dela).

Nunha análise diferenciada por sexos e provincias, constátase que baixa no último ano a taxa de actividade masculina en Pontevedra e Lugo, mentres que sobe na Coruña e Ourense. Aumenta a das mulleres na Coruña e baixa nas outras tres provincias (precisamente ó contrario que no ano anterior).


**Evolución da taxa de actividade. Global e por sexos.
Galicia/España. 1992-2001**

■ Cadro 3.6

	Total	Homes	Mulleres
Galicia			
1992	50,8	63,2	39,6
1993	50,6	62,2	40,1
1994	48,9	60,7	38,4
1995	48,8	59,9	38,8
1996	48,5	59,3	38,6
1997	47,5	58,6	37,5
1998	48,1	59,4	38,1
1999	48,9	59,6	39,4
2000	49,4	59,9	40,0
2001	48,7	59,0	39,4
España			
1992	48,9	64,4	34,4
1993	49,1	64,0	35,2
1994	48,8	62,7	35,8
1995	49,1	62,8	36,5
1996	49,8	63,2	37,2
1997	50,0	63,1	37,8
1998	50,0	63,1	37,9
1999	50,7	63,3	39,1
2000	51,4	63,9	39,9
2001	51,8	64,2	40,4

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Evolución da taxa de actividade global



Taxas de actividade. Por comunidades autónomas. 1998-2001⁽¹⁾

■ Cadro 3.7

	Taxas de actividade				Variacións anuais (en puntos porcentuais)			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
Andalucía	48,9	49,8	49,1	50,5	-0,2	0,9	-0,7	1,4
Aragón	48,8	48,8	49,8	50,4	0,1	0,0	1,0	0,6
Asturias	42,1	42,6	43,5	41,4	-1,4	0,5	0,9	-2,1
Baleares	53,2	54,2	55,8	54,4	-0,2	1,0	1,6	-1,4
Canarias	52,7	53,3	53,8	55,4	0,3	0,6	0,5	1,6
Cantabria	46,4	44,4	47,2	50,2	-0,6	-2,0	2,8	3,0
C. A Mancha	47,4	47,7	48,2	48,6	0,8	0,3	0,5	0,5
C. León	47,3	47,3	47,0	47,6	1,0	0,0	-0,3	0,6
Cataluña	52,8	52,6	53,5	52,7	-0,2	-0,2	0,9	-0,8
C. Valenciana	51,1	52,2	54,0	54,5	-0,1	1,1	1,8	0,5
Estremadura	47,5	48,8	50,8	48,9	0,3	1,3	2,0	-1,9
Galicia	48,1	48,9	49,5	48,7	0,6	0,8	0,6	-0,8
Madrid	52,6	53,5	55,4	57,0	1,0	0,9	1,9	1,6
Murcia	50,1	52,0	53,7	53,0	-2,6	1,9	1,7	-0,7
Navarra	50,4	49,8	52,3	52,8	-1,2	-0,6	2,5	0,4
País Vasco	49,7	51,7	52,0	51,7	-1,0	2,0	0,3	-0,3
A Rioxa	45,5	48,6	48,1	48,6	-0,5	3,1	-0,5	0,4
Ceuta e Melilla	53,0	51,7	54,6	54,9	-1,2	-1,3	2,9	0,4
España	50,0	50,7	51,4	51,8	0,0	0,7	0,7	0,4

(1) Datos do 4º trimestre de cada ano, da EPA (INE).

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Coyuntura Laboral Nº 56 e 60.

Evolución da taxa de actividade. Global, por sexos e provincias. Galicia. 1996-2001


■ Cadro 3.8

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total				
1996	47,0	53,1	46,3	49,2
1997	45,5	49,3	45,9	49,9
1998	46,1	47,9	47,0	51,1
1999	48,3	48,6	45,6	51,1
2000	47,7	49,7	47,0	52,5
2001	48,5	47,0	46,5	50,6
Homes				
1996	58,5	61,0	55,4	61,2
1997	57,9	58,1	55,5	61,1
1998	59,9	57,4	55,1	61,4
1999	60,0	57,4	54,3	62,1
2000	59,4	56,8	55,4	63,6
2001	59,5	55,7	55,9	60,9
Mulleres				
1996	36,5	45,6	38,5	38,4
1997	34,1	40,9	37,3	40,2
1998	34,5	38,9	39,4	41,9
1999	37,9	39,9	37,9	41,5
2000	37,2	42,7	39,4	42,7
2001	38,3	39,1	37,8	41,5

Datos do 4º trimestre

Fonte: INE (EPA)

Evolución da taxa de actividade nas provincias galegas



3.2.2. Distribución da poboación activa por sexos, sectores económicos, provincias e grupos de idade.

A distribución da poboación activa galega por sectores económicos e maila súa desagregación provincial figuran no cadro 3.9 para os catro últimos anos. O total galego amosa que a poboación activa subiu no ano 2001 en tódolos sectores agás no agro-pesqueiro (no que tivo un forte descenso: 33.000 persoas, un 18,31%) e que segue diminuíndo o colectivo dos que buscan o seu primeiro emprego ou deixaron o último hai tres anos ou máis.

Os datos a nivel provincial poñen de manifesto que a poboación activa subiu no ano 2001 tan só na Coruña e baixou nas outras tres provincias (precisamente ó contrario do que ocorreu no ano anterior); a información que recolleemos nese cadro 3.9 permite ás persoas interesadas neste tema realiza-la análise cruzada dos datos por provincias e sectores económicos.

■ Cadro 3.9

**Evolución dos activos. Por sectores económicos e provincias⁽¹⁾.
Galicia. 1998-2001**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	1998	434,8	152,2	139,8	387,4	1.114,2
	1999	457,2	153,7	135,6	389,2	1.135,7
	2000	453,6	156,4	139,3	402,0	1.151,3
	2001	462,1	147,4	137,4	388,3	1.135,2
Agricultura e Pesca	1998	55,4	54,4	20,4	52,0	182,2
	1999	57,7	52,8	16,3	48,1	174,9
	2000	59,2	55,6	20,7	44,7	180,2
	2001	44,6	44,8	17,3	40,5	147,2
Industria	1998	71,3	13,0	19,9	79,7	183,9
	1999	78,9	13,0	21,8	74,4	188,1
	2000	78,5	16,3	21,1	81,8	197,7
	2001	81,7	16,5	26,0	84,1	208,3
Construcción	1998	47,7	12,1	15,5	36,3	111,6
	1999	50,7	15,2	15,7	43,0	124,6
	2000	53,6	11,3	17,9	47,6	130,4
	2001	64,7	14,1	17,4	41,7	137,9
Servicios	1998	227,7	63,3	67,5	182,6	541,1
	1999	237,9	63,3	67,9	188,4	557,5
	2000	235,0	65,3	70,3	202,9	573,5
	2001	241,7	65,1	69,8	200,5	577,1
Parados que buscan o seu primeiro emprego ou deixaron o último hai tres anos ou máis.	1998	32,7	9,4	16,5	36,8	95,4
	1999	32,0	9,4	13,9	35,3	90,6
	2000	27,3	7,9	9,3	25,0	69,5
	2001	29,4	6,9	6,9	21,5	64,7

Datos en miles do 4º trimestre

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai menos de tres anos, clasificáronse polo sector económico correspondente a dito emprego


Fonte: INE (EPA)

Os datos porcentuais dos activos por sector económico e sexo do último cuatrienio figuran para Galicia e España no cadro 3.10; a comparanza da distribución porcentual dos activos por sectores económicos de Galicia co total español no ano 2001 segue a poñer de manifesto o alto valor relativo dos activos agro-pesqueiros en Galicia (que case dobra ó español), pese ó importante descenso en Galicia no último ano visto en liñas anteriores. A desagregación por sexos explicita que esa diferenza relativa entre Galicia e España é especialmente perceptible nas mulleres -nas que Galicia case triplica a porcentaxe estatal-.

Cadro 3.10
**Evolución da distribución porcentual dos activos. Por sectores económicos e sexos.
Galicia/España. 1998-2001**

		Activos					
		Galicia			España		
		Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres	Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres
Total		100	100	100	100	100	100
Agricultura e Pesca							
	1998	16,4	14,4	19,0	7,7	9,1	5,6
	1999	15,4	13,7	17,7	7,4	8,5	5,6
	2000	15,6	14,1	17,8	7,0	8,1	5,3
	2001	13,0	12,1	14,1	6,7	7,9	5,0
Industria							
	1998	16,5	21,4	9,8	18,4	23,2	11,0
	1999	16,6	20,9	10,7	18,2	22,8	11,3
	2000	17,2	21,2	11,7	18,5	22,9	12,1
	2001	18,3	21,7	13,8	18,2	22,6	11,7
Construcción							
	1998	10,0	17,0	0,5	9,7	15,3	1,0
	1999	11,0	18,5	0,9	10,4	16,5	1,4
	2000	11,3	18,9	1,0	10,7	17,0	1,4
	2001	12,1	20,1	1,4	11,2	17,9	1,5
Servicios							
	1998	48,5	42,5	56,9	56,0	47,8	68,9
	1999	49,1	43,2	57,0	57,6	48,6	71,0
	2000	49,8	42,6	59,6	58,8	49,4	72,7
	2001	50,8	42,2	62,4	59,5	49,3	74,3
Parados que buscan o seu 1º emprego ou deixaron o último hai tres anos ou máis⁽¹⁾							
	1998	8,6	4,7	13,8	8,2	4,6	13,6
	1999	8,0	3,7	13,7	6,5	3,6	10,7
	2000	6,0	3,2	9,9	5,0	2,6	8,5
	2001	5,7	3,8	8,3	4,4	2,3	7,5

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai menos de tres anos, clasificáronse polo sector económico correspondente a dito emprego
Elaboración propia con datos do 4º trimestre de cada ano
Fonte: INE (EPA)



Outra diferenza que sobrancea na análise sectorial da distribución da poboación activa ó face-la comparanza de Galicia e España é a estabilidade ó longo do cuatrienio no baixo valor relativo dos activos no sector servizos en Galicia. Na industria Galicia reduciu progresivamente nese período o diferencial que a afastaba da media estatal, e queda no ano 2001 unha décima por riba. Na construción, ampliouse no último ano a case un punto diferenza a prol de Galicia e queda coa maior diferenza respecto da media estatal do cuatrienio analizado.

Cómpre subliñar que, tralo sorprendente aumento do ano 2000 que xa comentamos no Informe do pasado ano, seguiu no ano 2001 a continua perda de importancia da porcentaxe de activos do sector agro-pesqueiro galego que se ven dando nidiamente a longo prazo.

O cadro 3.11 presenta a desagregación por sectores productivos a nivel provincial, sobranceando no ano 2001 en porcentaxe de activos agro-pesqueiros a gran diferenza do valor de Lugo respecto das outras provincias galegas; Lugo cuadriplica a media estatal e duplica á galega en porcentaxe de activos nese sector; no que ningunha provincia está por baixo da media estatal e só Lugo está por riba da media galega.

**Evolución da distribución porcentual dos activos. Por sectores económicos e provincias⁽¹⁾
Galicia. 1997-2001**

■ Cadro 3.11

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Agricultura e Pesca	1997	14,0	39,5	14,5	13,2
	1998	12,7	35,8	14,6	13,4
	1999	12,6	34,4	12,0	12,4
	2000	13,1	35,5	14,8	11,1
	2001	9,6	30,4	12,6	10,4
Industria	1997	15,5	7,7	17,0	18,8
	1998	16,4	8,5	14,2	20,6
	1999	17,3	8,4	16,1	19,1
	2000	17,3	10,4	15,2	20,4
	2001	17,7	11,2	18,9	21,7
Construción	1997	11,6	9,0	10,9	10,0
	1998	11,0	8,0	11,1	9,4
	1999	11,1	9,9	11,6	11,1
	2000	11,8	7,3	12,9	11,8
	2001	14,0	9,5	12,7	10,7
Servizos	1997	50,4	37,3	48,4	47,5
	1998	52,4	41,6	48,3	47,1
	1999	52,0	41,2	50,1	48,4
	2000	51,8	41,8	50,4	50,5
	2001	52,3	44,2	50,8	51,6
Parados que buscan o seu primeiro emprego ou deixaron o último hai 3 anos ou máis	1997	8,5	6,6	9,2	10,5
	1998	7,5	6,1	11,8	9,5
	1999	7,0	6,1	10,2	9,1
	2000	6,0	5,0	6,7	6,2
	2001	6,4	4,7	5,0	5,5

Datos do 4º trimestre

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai menos de tres anos, clasificáronse polo sector económico correspondente a dito emprego

Fonte: INE (EPA)

Tamén cómpre salientar que das provincias galegas, dúas -Pontevedra e Ourense- superan no 2001 as taxas medias española e galega de activos na industria, ningunha nos servicios, e na construción superan as medias estatal e galega as provincias de A Coruña e Ourense.

No tocante á evolución da poboación activa galega por grupos de idade e sexo, os datos que presentamos no cadro 3.12 permiten ás persoas interesadas face-lo seguimento polo miúdo da última década. Sinalaremos tan só que no último ano globalmente baixa a poboación activa en tódolos grupos de idade agás no de 55 e máis anos.

■ Cadro 3.12

**Evolución da poboación activa. Por sexos e grupos de idade.
Galicia. 1992-2001**

	Poboación activa									
	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Ámbolos dous sexos	1.161,4	1.163,6	1.121,1	1.115,1	1.112,3	1.095,9	1.114,0	1.135,5	1.151,4	1.135,2
de 16 a 19 anos	47,2	38,3	35,6	30,9	34,2	32,1	29,1	26,0	25,1	22,7
de 20 a 24 anos	119,7	116,0	112,5	112,1	117,8	120,5	111,8	118,1	122,5	116,9
de 25 a 54 anos	773,3	799,6	786,3	786,4	784,8	783,8	818,0	846,8	830,7	821,3
de 55 e máis anos	221,2	209,7	186,7	185,7	175,5	159,6	155,1	144,6	173,0	174,3
Homes	687,8	682,5	657,9	649,7	649,3	644,1	644,9	652,3	662,7	651,0
de 16 a 19 anos	27,6	24,3	22,0	17,5	22,6	22,5	19,0	17,6	16,9	14,9
de 20 a 24 anos	71,6	67,0	58,7	63,0	65,8	68,3	64,6	64,3	68,9	70,7
de 25 a 54 anos	466,0	480,7	469,4	464,4	464,7	459,5	472,1	488,5	479,5	466,0
de 55 e máis anos	122,6	110,4	107,8	104,8	96,2	93,8	89,1	82,0	97,4	99,4
Mulleres	473,7	481,1	463,2	465,4	462,9	451,8	469,1	483,2	488,6	484,2
de 16 a 19 anos	19,7	14,0	13,7	13,4	11,6	9,6	10,0	8,5	8,2	7,7
de 20 a 24 anos	48,1	49,0	53,8	49,1	51,9	52,2	47,2	53,8	53,6	46,1
de 25 a 54 anos	307,3	319,0	316,9	322,0	320,1	324,3	345,9	358,4	351,2	355,4
de 55 e máis anos	98,6	99,2	78,9	80,9	79,3	65,8	66,0	62,6	75,6	75,0

Elaboración propia
Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

O cadro 3.13 presenta a desagregación provincial deses datos para os cinco últimos anos (ademais da distribución da poboación activa total por provincias), co obxectivo de facilita-la análise dos que desexen facer un estudio máis desagregado territorialmente e por estratos de idades.

■ Cadro 3.13

**Evolución dos activos. Por grupos de idade e provincias.
Galicia. 1997-2001**

			A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total		1997	426,3	156,9	136,8	375,9	1.095,9
		1998	434,8	152,1	139,7	387,3	1.113,9
		1999	457,1	153,7	135,5	389,2	1.135,5
		2000	453,6	156,4	139,3	402,1	1.151,4
		2001	462,2	147,4	137,2	388,4	1.135,2
Grupos de idade	De 16 a 19 anos	1997	9,1	4,1	4,8	14,1	32,1
		1998	9,8	4,0	4,0	11,2	29,0
		1999	7,1	2,6	4,2	12,1	26,0
		2000	7,5	1,2	3,6	12,8	25,1
		2001	10,1	1,9	1,7	9,0	22,7
	De 20 a 24 anos	1997	42,7	13,0	13,9	50,8	120,4
		1998	43,7	11,8	12,5	43,9	111,9
		1999	44,5	14,3	13,4	45,9	118,1
		2000	45,1	13,4	13,0	51,1	122,6
		2001	50,0	10,7	11,2	44,9	116,8
	De 25 a 54 anos	1997	312,4	105,9	96,1	269,4	783,8
		1998	319,5	107,0	101,1	290,5	818,1
		1999	345,4	111,9	98,4	291,2	846,9
		2000	335,2	111,2	100,0	284,2	830,6
		2001	328,9	108,2	102,9	281,4	821,4
	De 55 e máis anos	1997	62,2	33,9	21,9	41,6	159,6
		1998	61,9	29,3	22,2	41,8	155,2
		1999	60,1	24,9	19,6	40,1	144,7
		2000	65,7	30,6	22,8	53,9	173,0
		2001	73,1	26,7	21,4	53,1	174,3

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

3.3. A poboación ocupada

Neste apartado estudiaremos o comportamento da poboación ocupada en Galicia no ano 2001 e situarémolo nun marco temporal máis amplo. Para iso, en primeiro lugar analizaremos-la súa evolución global e maila da taxa de ocupación, e posteriormente veremos cómo se distribúen os ocupados por sexos, sectores económicos, provincias, grupos de idade ou situación profesional.

3.3.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 3.14 preséntano-los datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no último cuadrienio, así como a variación que en termos absolutos e relativos presentou cada unha delas. Sobrancea desde o final do ano 1997 a notable mellora da ocupación no conxunto do estado, cunha suba neta de case dous millóns de empregos -1.952.300-. En Galicia hai 79.500 ocupados máis á volta dese mesmo cuadrienio (o que supón un 4,07% da xeración estatal do emprego nese período).

■ Cadro 3.14

**Poboación ocupada. Por comunidades autónomas.
1998-2001⁽¹⁾**

	Valores absolutos (en miles)				Distribución porcentual				Valoracións anuais							
									Absoluta (en miles)				En %			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
Andalucía	1.979,0	2.107,3	2.195,2	2.297,6	14,7	14,8	15,0	15,5	84,1	128,3	87,9	102,4	2,0	4,4	4,2	4,7
Aragón	432,8	446,5	459,7	463,2	3,2	3,2	3,1	3,1	10,9	13,7	13,2	3,5	2,6	3,2	3,0	0,8
Asturias	317,5	319,5	332,7	328,1	2,4	2,3	2,3	2,2	1,2	2,0	13,2	-4,6	0,4	0,6	4,1	-1,4
Baleares	282,7	302,8	315,1	314,2	2,1	2,2	2,2	2,1	1,0	20,1	12,3	-0,9	0,4	7,1	4,1	-0,3
Canarias	559,6	594,8	622,0	640,5	4,2	4,2	4,3	4,3	21,9	35,2	27,2	18,5	4,1	6,3	4,6	3,0
Cantabria	171,8	168,9	182,1	197,8	1,3	1,2	1,2	1,3	6,5	-2,9	13,2	15,7	3,9	-1,7	7,8	8,6
C. A Mancha	548,7	569,7	591,7	605,5	4,1	4,1	4,0	4,1	21,4	21,0	22,0	13,8	4,1	3,8	3,9	2,3
C. León	825,9	853,7	861,5	879,0	6,2	6,1	5,9	5,9	38,9	27,8	7,8	17,5	4,9	3,4	0,9	2,0
Cataluña	2.327,4	2.416,4	2.493,7	2.449,7	17,4	17,2	17,1	16,5	71,8	89,0	77,3	-44,0	3,2	3,8	3,2	-1,8
C. Valenciana	1.407,9	1.481,9	1.576,4	1.614,8	10,6	10,6	10,8	10,9	55,0	74,0	94,5	38,4	4,1	5,3	6,4	2,4
Extremadura	291,7	323,7	344,0	337,4	2,2	2,3	2,4	2,3	6,2	32,0	20,3	-6,6	2,2	11,0	6,3	-1,9
Galicia	924,4	952,7	987,4	985,1	6,9	6,8	6,8	6,6	18,8	28,3	34,7	-2,3	2,1	3,1	3,6	-0,2
Madrid	1.844,2	1.976,1	2.066,4	2.162,1	13,8	14,1	14,1	14,5	86,0	131,9	90,3	95,7	4,9	7,2	4,6	4,6
Murcia	363,2	399,2	416,7	414,4	2,7	2,8	2,9	2,8	-6,6	36,0	17,5	-2,3	-1,8	9,9	4,4	-0,6
Navarra	200,4	206,8	221,4	222,9	1,5	1,5	1,5	1,5	-5,6	6,4	14,6	1,5	-2,7	3,2	7,1	0,7
País Vasco	735,6	784,6	802,7	809,2	5,5	5,6	5,5	5,4	16,0	49,0	18,1	6,5	2,2	6,7	2,3	0,8
A Ríoxa	88,9	97,0	97,9	98,5	0,7	0,7	0,7	0,7	-0,7	8,1	0,9	0,6	-0,8	9,1	0,9	0,6
Ceuta e Melilla	40,4	40,0	44,7	46,8	0,3	0,3	0,3	0,3	0,6	-0,4	4,7	2,1	1,5	-1,0	11,8	4,7
España	13.342,1	14.041,5	14.610,8	14.866,9	100	100	100	100	427,5	699,4	569,3	256,1	3,3	5,2	4,1	1,8

(1) Datos do 4º trimestre de cada ano, da EPA (INE)

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Conxuntura Laboral nº 56 e 60.

No tocante ó ano 2001, houbo un lixeirísimo decrecemento da poboación ocupada en Galicia (-0,2%), que rompe a traxectoria ascendente dos anos anteriores. A xeración de emprego neto no conxunto do estado (1,8%) supón a menor taxa de crecemento do período analizado, cunha ralentización progresiva no último bienio.

No estudio diferenciado por comunidades autónomas obsérvase que en seis delas baixou a ocupación no ano 2001, mentres que medrara o emprego en tódalas comunidades no ano anterior. Destaca polo crecemento relativo do emprego no ano 2001 Cantabria (8,6%), comunidade que xerou emprego no último bienio a unha taxa superior ó 8%.

A taxa de ocupación (ou taxa de emprego) expresa, como é ben sabido, a porcentaxe de ocupados respecto da poboación de dezaseis ou máis anos. O cadro 3.15 reflicte que esta taxa presentou en Galicia unha clara tendencia ascendente no cuatrienio 1997-2000 (subiu 3,2 puntos nese período) e estabilizouse no ano 2001 practicamente no mesmo valor do ano anterior (baixou só unha décima). Por sexos, no último ano descendeu a taxa masculina e subiu por cuarto ano consecutivo a feminina, anque é aínda vinte puntos inferior á masculina (só un punto menos que en 1996)

A análise comparativa das taxas de ocupación galega e española que figura no cadro 3.15 amosa que esta última supera por quinto ano consecutivo á galega (ó contrario do que ocorrera anteriormente sempre desde que comezou a elaborar-

se a EPA hai máis de tres décadas). A diferenza é xa de 2'8 puntos a prol da taxa de emprego estatal, despois da continua ampliación do diferencial no último cuatrienio.


Na desagregación por sexos, conséntase que a taxa estatal de ocupación dos homes (que superou por primeira vez á galega en 1995) situouse co maior diferencial no ano 2001 (5,2 puntos) despois da continua ampliación do mesmo ó longo do último sexenio. A taxa de emprego feminina de Galicia (que en 1999 foi igual que a estatal, sendo maior antes sempre a galega) queda unha décima por riba en Galicia, ó igual que no ano anterior.

■ Cadro 3.15

**Evolución das taxas de ocupación. Global e por sexos.
Galicia/España. 1996-2001**

	Galicia						España					
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Total	39,2	39,3	39,9	41,0	42,4	42,3	38,9	39,8	40,9	42,9	44,4	45,1
Homes	50,2	50,6	52,1	52,9	53,8	53,2	52,4	53,4	54,9	56,5	57,8	58,4
Mulleres	29,2	28,9	29,2	30,4	32,1	32,4	26,4	27,2	28,0	30,4	32,0	32,3

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)



No cadro 3.16 recollémo-la evolución no último cuatrienio das taxas de ocupación das distintas comunidades autónomas; o seu valor oscila no ano 2001 entre un 51,4% (Balears) e un 36% (Asturias); na variación porcentual dese cuatrienio compróbase que a taxa de ocupación de Galicia tivo sempre un comportamento peor que a media española (aunque certamente cunha diferenza mínima no ano 2000).

Despois da suba da taxa de emprego en tódalas comunidades autónomas no ano 2000, en 2001 baixou en seis comunidades (entre elas Galicia, que tivo o descenso máis pequeno). Compróbase tamén que a taxa de ocupación media estatal rexistrou unha progresiva ralentización no seu ritmo de crecemento ó longo do último bienio, e tivo en 2001 o crecemento máis baixo do cuatrienio analizado.

■ Cadro 3.16
**Taxas de ocupación. Por comunidades autónomas.
1998-2001⁽¹⁾**

	Taxas de ocupación				Variacións anuais (en puntos porcentuais)			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
Andalucía	34,6	36,5	37,7	39,2	1,2	1,9	1,2	1,5
Aragón	43,4	44,8	46,2	46,6	1,0	1,4	1,4	0,4
Asturias	34,6	34,9	36,4	36,0	0,2	0,3	1,5	-0,4
Baleares	47,2	50,2	51,9	51,4	-0,2	3,0	1,7	-0,5
Canarias	43,6	45,8	47,3	48,2	1,1	2,2	1,5	0,9
Cantabria	38,6	37,8	40,6	44,0	1,3	-0,8	2,8	3,4
C. A Mancha	39,5	40,7	42,0	42,8	1,3	1,2	1,3	0,8
C. León	39,1	40,4	40,8	41,6	1,8	1,3	0,4	0,9
Cataluña	45,7	47,3	48,8	47,9	1,3	1,6	1,5	-0,9
C. Valenciana	43,2	45,2	47,9	48,8	1,4	2,0	2,7	1,0
Extremadura	33,5	36,9	39,1	38,1	0,5	3,4	2,2	-0,9
Galicia	39,9	41,0	42,4	42,3	0,6	1,1	1,4	-0,1
Madrid	44,0	47,0	49,0	51,1	1,8	3,0	2,0	2,2
Murcia	41,5	45,1	46,7	46,1	-1,2	3,6	1,6	-0,6
Navarra	45,1	46,3	49,3	49,5	-1,5	1,2	3,0	0,1
País Vasco	41,8	44,6	45,7	46,2	0,9	2,8	1,1	0,5
A Rioxa	40,6	44,3	44,7	45,0	-0,4	3,7	0,4	0,3
Ceuta e Melilla	39,1	38,2	42,1	43,5	-0,1	-0,9	3,9	1,4
España	40,9	42,9	44,4	45,1	1,1	2,0	1,5	0,7

(1) Datos do 4º trimestre de cada ano, da EPA (INE).

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Conxuntura nº 56 e 60.

Xa en anteriores Informes subliñámo-lo feito de que as economías galega e española presenten unhas taxas de ocupación especialmente baixas en comparación coas da UE e coas da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída productiva ós recursos humanos que axude á converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente. Ben lonxe nos queda aínda o obxectivo que a UE se marcou para o ano 2005: unha taxa de ocupación global do 67% (e do 57% para as mulleres).

O cadro 3.17 presenta as taxas de ocupación galegas por sexos e grupos de idade para o último quinquenio. Nel vese que globalmente sobe no 2001 a taxa de ocupación nos dous grupos de maior idade mentres que baixa nos dous de menor idade; no desagregación por sexos vese que só baixan o grupo de idade de 20 a 24 anos nas mulleres e o grupo de 16 a 19 anos no caso dos homes. Cómpre salienta-la continuación en 2001 do crecemento da taxa de ocupación galega do grupo de idade de 55 e máis anos iniciada o ano anterior, que rompe coa traxectoria descendente dos anos anteriores.

■ Cadro 3.17

**Evolución das taxas de ocupación⁽¹⁾.
Por sexos e grupos de idade. Galicia. 1997-2001**


	Ámbolos dous sexos					Homes					Mulleres				
	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001
Total	39,3	39,9	41,0	42,4	42,3	50,6	52,1	52,9	53,8	53,2	28,9	29,2	30,4	32,1	32,4
Menores de 25 anos	25,2	25,6	28,3	30,3	29,0	30,7	32,7	35,5	38,7	37,2	19,3	18,3	20,9	21,6	20,3
de 25 e máis anos	42,2	42,6	43,3	44,6	44,6	55,2	56,1	56,4	56,6	56,4	30,8	31,1	32,0	33,9	34,4
de 16 a 19 anos	11,0	12,3	11,3	13,0	11,4	14,7	16,7	17,2	19,8	14,8	6,9	7,7	5,6	6,2	7,6
de 20 a 24 anos	35,8	35,4	40,6	40,8	39,8	43,0	44,5	48,3	49,9	51,3	28,2	26,0	32,5	31,2	27,8
de 25 a 54 anos	63,3	65,2	66,5	68,1	68,6	79,4	81,1	82,2	82,0	82,0	47,5	49,8	51,0	54,0	55,3
de 55 e máis anos	17,1	16,2	15,2	17,3	17,7	22,5	21,9	19,9	22,4	23,1	13,0	12,0	11,7	13,5	13,5

Datos do 4º trimestre

(1) Porcentaxe de ocupados respecto da poboación de cada grupo de idade

Fonte: INE (EPA)

Evolución das taxas de ocupación de 55 e máis anos



3.3.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, sectores económicos, situación profesional, provincias e grupos de idade

A distribución dos ocupados galegos por sexo, sector económico e grupos de idade podemos velos no cadro 3.18. Se o sector secundario (industria máis construción) empregaba no ano 2000 a 123.000 persoas máis que o agro-pesqueiro, no ano 2001 a diferenza ascende xa a 176.000 persoas, intensificando un proceso de cambio que vai achegando algo máis a nosa estrutura do emprego á estatal e en xeral ás dos países máis desenvolvidos.

O sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) continúa no ano 2001 coa traxectoria ascendente dos últimos anos e supón xa máis da metade do emprego total galego (53,14%), anque está aínda case 10 puntos por baixo da media estatal .


Na desagregación da poboación ocupada por sexos, os homes son maioritarios no ano 2001 no emprego de tódolos sectores productivos agás no de servizos. Para as persoas que desexen estudar máis polo miúdo a evolución no último trienio da poboación ocupada galega, ofrecemos nese cadro 3.18 a desagregación en catro grupos de idade para cada un dos sexos.

■ Cadro 3.18
Evolución dos ocupados. Por sectores económicos, sexos e grupos de idade. Galicia. 1999-2001

	Total ocupados			Grupos de idade											
				de 16 a 19 anos			de 20 a 24 anos			de 25 a 54 anos			de 55 e máis anos		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Ámbolos dous sexos	952,7	987,4	985,1	17,1	17,2	15,4	84,3	89,1	87,3	716,5	722,4	718,2	134,7	158,7	164,3
Agricultura e pesca	169,4	174,3	142,8	2,0	1,8	0,5	6,3	5,2	5,8	113,0	111,1	87,6	48,2	56,1	48,9
Industria	168,2	180,5	192,1	6,2	5,3	4,8	19,8	26,0	24,2	123,0	128,2	138,8	19,2	21,0	24,3
Construcción	110,8	116,8	126,7	3,2	3,7	2,9	13,1	11,4	15,5	85,1	89,0	92,5	9,4	12,7	15,8
Servicios	504,3	515,8	523,5	5,8	6,4	7,2	45,2	46,5	41,8	395,4	394,1	399,3	58,0	68,9	75,3
Homes	579,8	595,0	587,2	12,8	13,1	10,5	51,5	55,6	57,3	439,9	437,7	426,6	75,6	88,6	92,8
Agricultura e pesca	84,9	88,4	75,2	1,8	1,8	0,5	4,0	4,2	5,2	61,0	61,2	51,7	18,1	21,1	17,8
Industria	124,9	131,8	133,6	5,1	4,0	3,6	15,1	18,3	17,1	88,9	92,1	93,5	15,8	17,4	19,3
Construcción	107,3	111,9	120,4	3,2	3,4	2,9	12,6	11,2	14,7	82,2	84,8	88,0	9,3	12,5	14,8
Servicios	262,7	263,0	258,0	2,8	3,8	3,4	19,8	21,9	20,3	207,8	199,6	193,3	32,4	37,6	40,9
Mulleres	372,9	392,4	397,9	4,3	4,1	4,9	32,8	33,4	30,0	276,6	284,7	291,6	59,1	70,1	71,5
Agricultura e Pesca	84,5	85,9	67,6	0,2	-	-	2,3	0,9	0,6	52,0	49,9	35,9	30,0	35,0	31,1
Industria	43,2	48,7	58,5	1,1	1,3	1,1	4,7	7,7	7,1	34,1	36,1	45,3	3,3	3,6	5,0
Construcción	3,6	4,9	6,3	0,0	0,3	-	0,5	0,2	0,8	2,9	4,2	4,5	0,2	0,2	1,0
Servicios	241,6	252,9	265,5	3,0	2,5	3,8	25,4	24,6	21,5	187,6	194,5	205,9	25,6	31,2	34,4

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Distribución sectorial dos ocupados galegos en 2001



A evolución dos ocupados por sectores económicos e sexos nun prazo máis longo podemos vela no cadro 3.19, no que salientaremos que despois da perda da capacidade xeradora de emprego do sector servicios na primeira metade dos anos noventa (contrapunto do sucedido na segunda metade dos oitenta), desde 1997 tivo unha notable recuperación como motor do emprego galego -con 84.300 novos postos de traballo netos- e quedou no ano 2001 no maior nivel da nosa historia. Con todo, subliñaremos que a suba do último bienio ralentizouse claramente en relación con calquera dos tres anos anteriores.

O sector agro-pesqueiro seguiu no ano 2001 (e con maior intensidade) coa ininterrompida perda de emprego (coa única excepción do ano 2000) que explicita a parte superior do cadro 3.19. O fortísimo descenso do último ano (18,07%) con-

tribuíu notablemente a que a poboación ocupada do sector agro-pesqueiro desde 1992 baixara practicamente á metade (ó 50,14%).

A construción, pola súa banda, segue no ano 2001 coa suba do bienio anterior e faino con intensidade, marcando o maior nivel de emprego da década analizada. No tocante á industria, o ano 1995 rachou co proceso de continua perda de emprego dos anos anteriores e consolidouse desde entón unha traxectoria moi expansiva do seu emprego, que se reafirma no último ano (e marca tamén o mellor rexistro da década analizada).

■ Cadro 3.19

Evolución da poboación ocupada. Por sectores económicos e sexos. Galicia. 1992-2001

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Agricultura e Pesca										
Total	286,4	285,2	246,6	246,3	216,6	185,8	178,2	169,4	174,3	142,8
Homes	139,2	136,2	117,9	118,0	108,0	93,1	89,3	84,9	88,4	75,2
Mulleres	147,2	149,0	128,7	128,3	108,6	92,6	88,9	84,5	85,9	67,6
Industria										
Total	152,3	135,3	129,3	138,5	146,4	152,2	167,6	168,1	180,5	192,1
Homes	112,9	102,4	96,4	103,2	111,6	114,9	128,5	124,9	131,8	133,6
Mulleres	39,4	32,9	32,9	35,3	34,8	37,3	39,1	43,2	48,7	58,5
Construción										
Total	92,6	87,2	94,7	95,9	97,2	101,3	98,5	110,8	116,8	126,7
Homes	91,0	85,2	93,3	93,3	94,6	99,2	96,3	107,2	111,9	120,4
Mulleres	1,6	2,0	1,4	2,6	2,6	2,1	2,2	3,6	4,9	6,3
Servicios										
Total	432,2	436,6	438,2	433,4	439,2	466,3	480,2	504,3	515,8	523,5
Homes	242,4	246,0	246,5	239,9	235,4	249,2	251,0	262,7	263,0	258,0
Mulleres	189,8	190,7	191,7	193,5	203,8	217,1	229,2	241,6	252,9	265,5

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

A distribución porcentual da poboación activa por sectores económicos que figura no cadro 3.20 presenta os datos galego e español do último quinquenio; deles sobrancearemos os seguintes aspectos:

■ Galicia duplica no ano 2001 a porcentaxe española de persoas ocupadas no sector agro-pesqueiro, aunque recorta a diferenza relativa respecto do ano anterior. Hai unha clara diferenza na análise por sexos, pois a taxa de emprego das mulleres de Galicia no sector agro-pesqueiro case cuadriplica á estatal no caso das mulleres, mentres que non chega a dobrala no dos homes.

■ A porcentaxe estatal de ocupados supera amplamente á galega nos servicios, mentres que a taxa galega supera á estatal na construción e -por vez primeira, aunque moi lixeiramente- na industria.

■ Cadro 3.20
Galicia/España. 1997-2001
Evolución da distribución porcentual dos ocupados. Por sectores económicos e sexos.

		Ocupados					
		Galicia			España		
		Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres	Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres
Agricultura e Pesca	1997	20,5	16,7	26,5	8,1	9,3	6,0
	1998	19,3	15,8	24,7	7,7	9,0	5,5
	1999	17,8	14,6	22,7	7,2	9,0	5,2
	2000	17,6	14,9	21,9	6,8	7,9	4,9
	2001	14,5	12,8	17,0	6,5	7,7	4,5
Industria	1997	16,8	20,6	10,7	20,6	24,9	12,7
	1998	18,1	22,7	10,9	20,6	25,0	12,8
	1999	17,6	21,5	11,6	20	24,2	12,9
	2000	18,3	22,1	12,4	20,0	24,0	13,3
	2001	19,5	22,7	14,7	19,4	23,5	12,7
Construcción	1997	11,2	17,8	0,6	9,6	14,4	0,9
	1998	10,7	17,0	0,6	10,2	15,3	1,0
	1999	11,6	18,5	1	11	16,5	1,4
	2000	11,8	18,8	1,3	11,1	16,9	1,5
	2001	12,9	20,5	1,6	11,6	17,7	1,5
Servicios	1997	51,5	44,8	62,2	61,7	51,4	80,4
	1998	52,0	44,4	63,8	61,4	50,7	80,7
	1999	52,9	45,3	64,8	61,9	51	80,5
	2000	52,2	44,2	64,4	62,1	51,2	80,3
	2001	53,1	43,9	66,7	62,6	51,1	81,3

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

■ Máis do 80% do emprego feminino español concéntrase no ano 2001 no sector servicios, mentres que en Galicia representa un 66,7% e ten unha maior diversificación da ocupación por sectores económicos debido fundamentalmente ó alto emprego feminino no sector agro-pesqueiro.

■ Nos homes hai unha maior diversificación da súa ocupación entre os diferentes sectores económicos, de xeito que o que máis emprego totaliza -o de servicios- supón en Galicia un 43,9% da ocupación (e en España un 51,1%).

Para coñecer a situación profesional dos ocupados de Galicia, presentamos o cadro 3.21, que inclúe tamén a especificación por sexo e sector económico. Os asalariados representan o colectivo que agrupa máis ocupados, cunha suba forte de novo no ano 2001 (de 27.600 persoas), nun ano no que baixou o emprego nos outros tres colectivos nos que se desagrega neste cadro a situación profesional dos ocupados.

Os asalariados supoñen no ano 2001 un 71,31% do total dos ocupados de Galicia (tres puntos máis que no ano anterior e once máis que en 1996); séguenlle en importancia cuantitativa os empresarios ou membros de cooperativas (24,54%, que baixan case un punto respecto do ano anterior) e os “axudas familiares” (4,04%), colectivo que baixa máis dun punto (e resulta a situación profesional que presenta

o maior descenso porcentual no último ano). Aproxímase algo máis, deste xeito, a porcentaxe galega de asalariados ás medias do Estado e máis da Unión Europea, anque segue por baixo delas.

Por sexos, subliñaremos que no ano 2001 en Galicia dúas de cada tres persoas ocupadas como “axudas familiares” son mulleres (66,33%), e están fundamentalmente empregadas no sector primario e no de servicios -nos que son máis do dobre que os homes, anque a ocupación de mulleres no primeiro sector é inferior á dos homes e no dos servicios só lixeiramente superior á dos homes-. No conxunto das persoas asalariadas de Galicia, en cambio, as mulleres supoñen só un 39,16%, anque soben 2,4 puntos no último ano.

■ Cadro 3.21

Evolución dos ocupados. Por sectores económicos, sexo e situación profesional. Galicia. 1999-2001

	Total ocupados			Situación profesional											
				Empresario ou membro de cooperativa			Axuda familiar			Asalariado			Outra situación		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Ámbolos dous sexos															
Total	952,7	987,4	985,1	252,6	260,5	241,8	47,7	50,9	39,8	651,7	674,9	702,5	0,7	1,0	0,9
Agric. e Pesca	169,4	174,3	142,8	101,5	106,6	92,2	35,4	38,4	25,7	32,5	29,1	24,5	0,0	0,3	0,3
Industria	168,1	180,5	192,1	22,3	19,1	18,9	1,5	1,6	2,2	144,3	159,5	171,0	0,0	0,2	0,0
Construcción	110,8	116,8	126,7	21,8	22,9	25,3	0,9	1,0	0,8	88,1	93,0	100,6	0,0	0,0	0,0
Servicios	504,3	515,8	523,5	107,0	112,0	105,4	9,8	10,0	11,1	386,8	393,4	406,4	0,7	0,5	0,6
Homes															
Subtotal	579,8	595,0	587,2	147,7	150,8	145,8	14,8	16,5	13,4	417,0	427,3	427,4	0,2	0,3	0,6
Agric. e Pesca	84,9	88,4	75,2	47,1	49,3	45,8	10,8	12,4	8,0	27,0	26,6	21,1	0,0	0,0	0,3
Industria	124,9	131,8	133,6	17,1	15,0	13,6	0,8	0,9	1,5	107,0	115,9	118,5	0,0	0,0	0,0
Construcción	197,3	111,9	120,4	21,8	22,9	24,4	0,9	0,7	0,6	84,6	88,3	95,4	0,0	0,0	0,0
Servicios	262,7	263,0	258,0	61,7	63,7	62,0	2,3	2,4	3,3	198,5	196,5	192,4	0,2	0,3	0,3
Mulleres															
Subtotal	372,9	392,4	397,9	104,9	109,7	96,0	32,8	34,4	26,4	234,7	247,6	275,1	0,5	0,7	0,3
Agric. e Pesca	84,5	85,9	67,6	54,4	57,3	46,4	24,6	25,9	17,7	5,5	2,4	3,4	0,0	0,3	0,0
Industria	43,2	48,7	58,5	5,2	4,1	5,3	0,7	0,7	0,7	37,3	43,6	52,5	0,0	0,2	0,0
Construcción	3,6	4,9	6,3	0,0	0,0	0,9	0,0	0,3	0,2	3,6	4,7	5,2	0,0	0,0	0,0
Servicios	241,6	252,9	265,5	45,3	48,3	43,4	7,5	7,5	7,8	188,3	196,9	214,0	0,5	0,2	0,3

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

A desagregación provincial dos ocupados de cada sector económico podemos vela no cadro 3.22 para o último quinquenio. Respecto da ocupación global por provincias, sobrancearemos que no ano 2001 subiu o emprego en dúas provincias (A Coruña e Ourense) mentres que baixou nas outras dúas (con especial intensidade en Lugo, única provincia que presenta menos ocupación en 2001 que en 1997). A Coruña e Pontevedra concentran o 74,37% do emprego total galego do ano 2001, catro décimas máis que no ano anterior.

**Evolución dos ocupados. Por sectores económicos e provincias.
Galicia. 1997-2001**

■ Cadro 3.22

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1997	356,0	134,5	114,1	300,9
	1998	365,6	131,7	110,5	316,6
	1999	389,5	133,4	109,1	320,6
	2000	391,0	139,3	117,8	339,2
	2001	399,2	132,0	120,4	333,4
Agricultura e Pesca	1997	58,1	60,2	19,0	48,5
	1998	54,4	53,9	19,8	50,1
	1999	56,4	51,8	14,6	46,7
	2000	58,3	54,3	19,3	42,3
	2001	42,7	44,2	17,0	38,9
Industria	1997	59,9	9,9	21,4	61,1
	1998	64,2	12,0	17,9	73,5
	1999	70,4	11,6	18,5	67,5
	2000	72,6	14,7	18,8	74,3
	2001	76,8	14,8	24,3	76,2
Construcción	1997	43,9	11,7	13,2	32,4
	1998	43,3	10,0	12,5	32,6
	1999	45,3	13,3	14,3	37,9
	2000	46,8	10,8	16,7	42,5
	2001	58,7	13,7	16,3	38,0
Servicios	1997	194,2	52,7	60,5	158,9
	1998	203,8	55,8	60,2	160,5
	1999	217,4	56,8	61,7	168,5
	2000	213,3	59,4	63,0	180,0
	2001	221,0	59,3	62,8	180,3

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

No tocante á evolución da ocupación do último ano desagregada tamén por sectores económicos (aparte de por provincias) subliñaremos que:

■ Baixou o emprego agro-pesqueiro nas catro provincias (con especial intensidade na Coruña e Lugo). Ourense segue a ser, con gran diferenza, a provincia de menor ocupación absoluta nese sector.

■ Nos outros sectores, subliñaremos que a industria é o único sector que sobe o seu emprego nas catro provincias (con especial intensidade en Ourense); a construción e os servizos rexistran unha suba da ocupación en dúas provincias (A Coruña e Lugo no primeiro caso, e A Coruña e Pontevedra no segundo).

O cadro 3.23 permite ver con datos porcentuais esa distribución provincial dos ocupados por sectores económicos. A súa comparación cos datos de Galicia e España que vimos no cadro 3.20 permite sacar conclusións sobre as diferencias que cada unha das provincias presenta respecto das medias galega e española. Pese á importante diminución do ano 2001 (de 5,5 puntos) destaca un ano máis a alta porcentaxe de persoas ocupadas no sector agro-pesqueiro en Lugo (33,5% da ocupación total), máis do dobre que a provincia seguinte nesa clasificación (Ourense).

**Evolución da distribución porcentual dos ocupados.
Por sectores económicos e provincias. Galicia. 1997-2001**

■ Cadro 3.23

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Agricultura e Pesca	1997	16,3	44,8	16,6	16,1
	1998	14,9	40,9	17,9	15,8
	1999	14,5	38,8	13,3	14,6
	2000	14,9	39,0	16,4	12,5
	2001	10,7	33,5	14,1	11,7
Industria	1997	16,8	7,3	18,8	20,3
	1998	17,5	9,1	16,2	23,2
	1999	18,1	8,7	17,0	21,1
	2000	18,6	10,6	16,0	21,9
	2001	19,2	11,2	20,1	22,9
Construcción	1997	12,3	8,7	11,6	10,8
	1998	11,8	7,6	11,4	10,3
	1999	11,6	10,0	13,1	11,8
	2000	12,0	7,8	14,1	12,5
	2001	14,7	10,4	13,5	11,4
Servicios	1997	54,6	39,2	53,0	52,8
	1998	55,7	42,4	54,5	50,7
	1999	55,8	42,5	56,6	52,6
	2000	54,5	42,7	53,5	53,1
	2001	55,3	44,9	52,2	54,1

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Ningunha provincia galega acada no ano 2001 a porcentaxe media estatal de ocupados nos servizos, dúas a da construción (A Coruña e Ourense) e dúas a s da industria (Pontevedra -xa desde 1998- e Ourense -esta última por vez primeira-). As catro provincias superan claramente a taxa estatal de ocupación agro-pesqueira -Lugo quintuplicaa- e todas, agás Lugo, superan a da construción.

Así mesmo, no cadro 3.24 presentámo-lo detalle provincial para o último bienio dos ocupados por sexo e situación profesional, que achega datos que permiten afondar no tema ás persoas que precisen unha análise máis polo miúdo.

**Evolución da poboación ocupada. Por sexos, situación profesional e provincias.
Galicia 2000-2001**

■ Cadro 3.24

A) Ámbolos dous sexos		Total	Empresarios sen asalariados	Empresarios con asalariados	Axudas familiares	Asalariados	Outros ⁽¹⁾
A Coruña	2000	391,0	75,1	21,5	16,7	276,9	0,8
	2001	399,2	67,0	22,5	13,5	295,3	0,9
Lugo	2000	139,3	34,1	11,7	19,8	72,3	1,3
	2001	132,0	35,1	6,6	16,0	74,3	0,1
Ourense	2000	117,8	29,3	7,0	6,5	74,6	0,5
	2001	120,4	25,2	7,9	4,8	81,8	0,8
Pontevedra	2000	339,2	55,7	21,1	8,0	251,1	3,4
	2001	333,4	57,0	18,2	5,5	251,2	1,6
Galicia	2000	987,4	194,2	61,3	50,9	674,9	6,0
	2001	985,1	184,2	55,1	39,8	702,5	3,3

B) Homes		Total	Empresarios sen asalariados	Empresarios con asalariados	Axudas familiares	Asalariados	Outros ⁽¹⁾
A Coruña	2000	238,9	38,7	16,1	5,8	177,5	0,8
	2001	241,9	38,0	17,2	4,8	181,0	0,9
Lugo	2000	81,5	20,2	8,3	7,2	45,0	0,9
	2001	76,3	20,5	4,9	5,7	45,0	0,1
Ourense	2000	71,0	16,7	6,0	1,3	46,9	—
	2001	72,6	13,7	6,8	1,8	49,7	0,7
Pontevedra	2000	203,6	25,4	16,9	2,2	157,9	1,2
	2001	196,4	28,4	14,7	1,1	151,7	0,5
Galicia	2000	595,0	101,0	47,2	16,5	427,3	2,9
	2001	587,2	100,5	43,7	13,4	427,4	2,1

C) Mulleres		Total	Empresarios sen asalariados	Empresarios con asalariados	Axudas familiares	Asalariados	Outros ⁽¹⁾
A Coruña	2000	152,1	36,4	5,4	10,9	99,4	—
	2001	157,3	29,0	5,3	8,7	114,3	—
Lugo	2000	57,7	13,9	3,5	12,6	27,3	0,4
	2001	55,8	14,6	1,6	10,3	29,3	—
Ourense	2000	46,8	12,6	0,9	5,2	27,7	0,5
	2001	47,8	11,5	1,1	3,0	32,0	0,1
Pontevedra	2000	135,7	30,3	4,2	5,8	93,2	2,2
	2001	137,0	28,5	3,5	4,4	99,5	1,1
Galicia	2000	392,4	93,2	14,1	34,4	247,6	3,1
	2001	397,9	83,7	11,4	26,4	275,1	1,2

Datos en miles do 4º trimestre
(1) En outros inclúense os membros de cooperativas
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

O cadro 3.25 recolle o reparto por sectores económicos da poboación asalariada no cuarto trimestre do último cuadrienio para o total galego e para cada unha das provincias. Pode verse que subiron os asalariados en Galicia no ano 2001 en tódolos sectores agás na pesca (sector que afonda con especial intensidade a diminución de emprego que xa reflicten as cifras do ano 2000, incidindo especialmente nesa situación a crise pesqueira pola falla de renovación do acordo pesqueiro da UE con Marrocos). No conxunto do cuadrienio constátase que se produciu unha suba da poboación asalariada en catro dos sectores analizados (especialmente intensa nos “non primarios” e lixeirísima na agricultura) mentres que baixou moito a poboación asalariada galega na pesca (- 12,95%).

Por provincias, no último ano creceron os asalariados nas catro (con especial forza na Coruña e Ourense). Lugo segue a ser en 2001 a provincia galega con menos asalariados, e a diferenza coa seguinte -Ourense- amplíase de forma importante. As provincias menos desenvolvidas -Lugo e Ourense- teñen no último ano conxuntamente pouco máis da quinta parte (un 22,20%) da poboación asalariada de Galicia.

Evolución da poboación ocupada asalariada. Por sectores económicos e provincias. Galicia. 1998-2001

■ Cadro 3.25

		Total	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios
A Coruña	1998	257,8	2,7	7,4	55,9	35,2	156,6
	1999	277,9	1,6	8,3	57,7	38,3	172,0
	2000	276,9	2,5	7,0	65,5	39,4	162,5
	2001	295,4	1,7	4,9	70,1	48,3	170,4
Lugo	1998	61,2	2,7	2,6	8,8	7,3	39,7
	1999	70,4	3,5	3,2	9,6	10,5	43,7
	2000	72,3	3,4	2,9	12,7	8,3	44,9
	2001	74,2	3,4	1,8	12,6	10,8	45,6
Ourense	1998	70,2	1,9	0,0	14,6	8,0	45,8
	1999	73,4	3,3	0,0	16,5	9,3	44,2
	2000	74,6	1,7	—	15,4	12,0	45,6
	2001	81,8	2,8	—	20,0	11,9	47,1
Pontevedra	1998	223,0	2,2	7,0	64,5	25,9	123,4
	1999	230,1	3,2	9,4	60,5	30,1	126,9
	2000	251,1	2,1	9,4	65,9	33,3	140,3
	2001	251,2	1,9	8,0	68,3	29,6	143,4
Galicia	1998	612,2	9,5	17,0	143,8	76,4	365,6
	1999	651,7	11,6	20,9	144,3	88,1	386,8
	2000	674,9	9,7	19,4	159,5	93,0	393,9
	2001	702,6	9,8	14,8	171,0	100,6	406,4

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Para quen necesite afondar máis alá do reparto dos ocupados por grandes sectores económicos, presentamos no cadro 3.26 o desagregación en vintedúas ramas de actividade económica para o último quinquenio. A agro-gandería perde por vez primeira na nosa historia a primeira posición nesta clasificación (que agora encabezan a construción e o comercio); entre as tres ramas citadas concentran no ano 2001 o 36,71% da ocupación galega, dous puntos menos que no ano anterior).


■ Cadro 3.26

Evolución da poboación ocupada. Por ramas de actividade económica. Galicia. 1996-2001

		1996	1997	1998	1999	2000	2001
1	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	183,4	155,3	149,2	132,6	138,6	114,0
2	Pesca e piscicultura	33,2	30,5	28,9	36,9	35,6	28,8
3	Industrias extractivas	7,9	8,0	6,0	7,7	7,9	9,2
4	Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	5,8	5,5	5,7	4,1	5,5	4,8
5	Coquerías, fabricación de produtos químicos e produción de metais	18,1	15,3	15,9	16,0	19,4	15,9
6	Fabricación de produtos metálicos. Construc. de máquinas e material mecánico	13,6	13,3	15,9	16,5	17,7	17,6
7	Fabricación de material de transporte	27,5	27,9	34,5	33,7	32,8	38,3
8	Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	25,0	27,7	29,0	28,2	30,1	34,2
9	Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtis	20,2	23,3	21,7	21,4	22,9	30,0
10	Industrias da madeira e cortiza	11,0	14,3	18,9	15,2	14,4	16,4
11	Industrias do papel, artes gráficas e edición e reproduc. de soportes gravados	4,4	4,2	4,4	5,5	9,5	8,3
12	Outras industrias manufactureiras	13,1	12,7	15,5	19,8	20,4	17,4
13	Construción	97,2	101,3	98,5	110,8	116,8	126,7
14	Comercio por xunto e polo miúdo	111,4	112,5	114,2	122,7	127,9	121,0
15	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras	22,3	24,9	24,2	24,0	28,4	24,6
16	Hoteis, restaurantes e bares	39,6	46,5	47,0	44,1	50,0	45,5
17	Transportes e actividades anexas. Comunicacions	44,0	50,0	45,3	45,9	44,9	47,8
18	Institucións financeiras e de seguros	18,2	17,2	20,1	19,9	16,8	17,7
19	Educación	46,9	47,9	49,4	49,2	46,1	51,9
20	Sanidade	36,8	39,4	42,3	45,4	46,3	50,8
21	Administracións públicas, Defensa e Seguridade Social	41,9	42,9	50,8	52,8	55,4	53,4
22	Outros servizos	78,1	85,0	87,0	100,3	100,0	110,8
	Total	899,4	905,6	924,4	952,7	987,4	985,1

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Principais ramas de actividade en relación coa poboación ocupada en Galicia. 2001



Se queremos afondar no estudo da poboación asalariada galega unha das vías para facelo é ó traveso da análise do tipo de contrato, para coñece-lo peso da contratación temporal e da indefinida tanto para o total dos asalariados como para cada un dos sexos. No cadro 3.27 presentámo-la evolución dos asalariados por sexo e tipo de contrato en Galicia no último sexenio.


Evolución da poboación ocupada asalariada. Por sexos e tipos de contrato. Galicia. 1996-2001

■ Cadro 3.27

	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Ámbolos dous sexos						
Contrato indefinido	351,6	377,7	408,2	427,8	448,2	455,0
Contrato temporal	186,3	198,1	200,7	223,9	226,7	247,6
Non clasificables	3,6	6,2	3,4	0,0	—	—
Total	541,5	582,1	612,2	651,7	674,9	702,6
Homes						
Contrato indefinido	232,2	243,0	259,9	277,3	282,3	282,2
Contrato temporal	123,9	127,5	131,7	139,7	145,0	145,2
Non clasificables	3,4	5,3	3,1	0,0	—	—
Subtotal	359,5	375,9	394,7	417,0	427,3	427,4
Mulleres						
Contrato indefinido	119,4	134,7	148,3	150,4	165,9	172,8
Contrato temporal	62,4	70,6	69,0	84,2	81,7	102,3
Non clasificables	0,2	0,9	0,3	0,0	—	—
Subtotal	182,0	206,2	217,6	234,7	247,6	275,1

Datos en miles do cuarto trimestre de cada ano.
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Evolución da poboación ocupada asalariada segundo o tipo de contrato (IV trimestre)



No ano 2001 subiu en Galicia a contratación indefinida (1,52%), anque o fixo a un ritmo que foi a terceira parte que no ano anterior (4,77%) e inferior ó crecemento medio estatal (2,1%). Pola súa parte, a contratación temporal presentou no último ano un avance moi forte (9,22%), sete veces superior ó ritmo do ano 2000 (1,25%) e máis do quádruple que o crecemento medio estatal (2,1%).

A comparanza por sexos e tipos de contrato (temporais ou indefinidos) do cuarto trimestre do 2001 có mesmo período do ano anterior sobrancea que subiron os contratos indefinidos das mulleres e baixaron -unque moi lixeiramente- os dos homes. No tocante ós temporais, subiron lixeiriñamente nos homes e con moita intensidade nas mulleres.

A evolución dos tipos de contrato no último sexenio amosa que o aumento da contratación temporal nese período (32,90%) superou ó da indefinida (29,41%), pese á implementación de medidas de reforma da lexislación laboral que tiñan como obxectivo principal a potenciación da contratación indefinida.

Os contratos temporais no cuarto trimestre do ano 2001 seguen a representar máis dun tercio da poboación asalariada galega (35,24%) e aumentan 1,65 puntos respecto do ano anterior. A taxa de temporalidade dos homes (33,97%) é inferior en máis de tres puntos á das mulleres (37,19%) mentres que no ano anterior era superior nun punto nos homes.

A comparanza da evolución no ano 2001 da taxa de temporalidade galega e a estatal amosa que o aumento da primeira (1,65 puntos) e a lixeirísima diminución da segunda (en dúas décimas) fai que se abra en case dous puntos máis o diferencial no que a proporción dos contratos temporais de Galicia superaba no pasado ano á estatal. A taxa de temporalidade de Galicia do ano 2002 (35,24%) queda situada 3,54 puntos por riba da estatal (31,70%) e ó redor dun 150% por riba da media da Unión Europea (13,6%), polo que segue a ser unha nida diverxencia da nosa estrutura do emprego en relación coa súa. A diminución da contratación temporal a taxas máis homologables coas dos nosos socios da UE segue a ser unha “converxencia” irrenunciable pero aínda pendente.

O desglose dos ocupados por tipo de xornada (a tempo completo ou parcial) para cada un dos sectores económicos e sexos no último sexenio figura no cadro 3.28. Destaca que no último ano a poboación ocupada galega a tempo completo quedou practicamente no mesmo nivel, que contrasta coa forte suba do ano anterior (en 37.200 persoas) e rompe coa traxectoria sempre ascendente do período estudiado. No conxunto estatal subiu no ano 2001 un 1,7%.

■ Cadro 3.28

Evolución da poboación ocupada. Por sexos, tipo de xornada e sectores económicos. Galicia. 1996-2001

	Total						Homes						Mulleres					
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1996	1997	1998	1999	2000	2001
A tempo completo																		
Agricultura e Pesca	197,9	170,1	164,3	159,6	154,9	131,9	101,1	87,3	84,5	79,8	83,7	71,7	96,8	82,8	79,8	74,8	71,2	60,2
Industria	142,1	146,8	163,0	160,2	176,5	187,8	109,7	112,1	127,2	124,4	130,3	131,7	32,3	34,7	35,8	41,6	46,2	56,2
Construcción	92,8	96,6	95,1	108,8	116,1	125,5	91,0	95,2	93,1	106,8	111,4	119,7	1,7	1,4	2,0	3,4	4,7	5,9
Servicios	400,7	421,4	432,9	448,3	466,7	468,8	225,5	237,9	239,3	254,7	255,0	246,9	175,1	183,5	193,6	205,2	211,7	221,9
Total	833,4	834,9	855,2	876,9	914,1	914,1	527,4	532,4	544,0	565,7	580,2	569,9	306,0	302,5	311,2	325,0	333,9	344,2
A tempo parcial																		
Agricultura e Pesca	18,7	15,5	13,6	14,9	19,4	10,9	6,9	5,7	4,5	5,1	4,7	3,5	11,8	9,8	9,1	9,7	14,6	7,4
Industria	4,4	5,0	3,9	3,8	4,0	4,3	1,9	2,3	0,6	0,5	1,5	1,9	2,5	2,6	3,3	1,6	2,5	2,4
Construcción	1,6	1,4	1,2	0,6	0,7	1,1	0,8	0,7	1,0	0,5	0,5	0,7	0,8	0,7	0,2	0,2	0,2	0,4
Servicios	37,7	42,7	47,1	43,3	49,1	54,7	9,2	9,9	11,8	8,0	8,0	11,1	28,5	32,7	35,3	36,4	41,2	43,6
Total	62,4	64,5	65,9	62,6	73,2	71,0	18,8	18,7	18,0	14,1	14,7	17,2	43,5	45,8	47,9	47,9	58,5	53,8
Non clasificables	3,6	6,2	3,4	0,3	0,0	0,0	3,4	5,3	3,1	0,0	0,0	0,0	0,2	0,9	0,3	0,0	0,0	0,0

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

No tocante á a poboación ocupada a tempo parcial, no último ano diminuíu en 2.200 persoas (mentres que no ano anterior subira con gran intensidade) e segue por baixo da porcentaxe estatal de ocupados a tempo parcial. O dato estatal do ano 2001 amosa unha forte suba (6,7%) da contratación a tempo parcial, aunque segue por baixo da que ten a UE.

Pese á súa menor participación no mercado de traballo, hai algo máis do triple de mulleres que de homes (en valor absoluto) traballando a tempo parcial en Galicia no último trimestre do ano 2001. Se calculámo-la porcentaxe por sexos desa ocupación a tempo parcial, comprobamos que o das mulleres quintuplica ó dos homes: os ocupados que traballan a tempo parcial son un 3,02%, mentres que as ocupadas cun traballo a tempo parcial ascenden ó 15,63%.

3.4. O paro estimado

Unha vez rematado o estudio da poboación ocupada, comezamos o estudio do outro compoñente da poboación activa -a poboación parada- ó traveso dos datos que proporcionan as "Enquisas de Poboación Activa" elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, analizaremos primeiramente as cifras de paro das distintas comunidades autónomas e a taxa de paro. Posteriormente centrarémonos na análise da distribución do paro por sexos, sectores económicos, provincias, idades e tempo de busca de emprego.

3.4.1. Poboación parada e taxa de paro.

A poboación desempregada baixou no ano 2001 en dez comunidades autónomas (unha delas foi Galicia); o maior descenso porcentual deuse en Asturias (- 24,2%) e Baleares: -23,8%). En Galicia reduciuse nun 8,5%, algo menos que no ano anterior (-10,3%) pero moi por riba do conxunto estatal (-3,8%); o descenso do desemprego galego en comparanza co total español presentou o mellor comportamento relativo do cuadrienio analizado.

O cadro 3.29 explicita tamén que o descenso acumulado do desemprego en Galicia no último cuadrienio foi de 40.200 persoas, mentres que a nivel estatal acadou unha diminución superior ó millón (1.079.300 persoas). A participación porcentual galega na importante baixa do desemprego estatal dese período foi só do 3,72%, escaso bagaxe para unha comunidade que debe aproveitar ó máximo os seus recursos humanos para potencia-la converxencia real co nivel medio de desenvolvemento estatal, anque certamente no último bienio -e moi especialmente no último ano- esa porcentaxe de redución do desemprego foi moito máis positiva (7,23% do descenso total español en 2001 e 15,72% en 2001).

Evolución da poboación parada. Por comunidades autónomas. 1999-2001⁽¹⁾

■ Cadro 3.29

	Valores absolutos Miles			Variacións porcentuais (En puntos porcentuais)		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Andalucía	771,7	660,2	660,8	-5,8	-14,4	0,1
Aragón	38,5	35,8	37,8	-27,8	-7,0	5,6
Asturias	71,2	65,2	49,4	3,6	-8,4	-24,2
Baleares	24,4	24,0	18,3	-32,6	-1,6	-23,8
Canarias	97,9	85,9	96,2	-15,7	-12,3	-12,3
Cantabria	29,5	29,6	27,8	-13,5	0,3	0,3
C. A Mancha	97,6	86,2	82,6	-11,0	-11,7	-11,7
C. León	145,7	132,3	125,9	-15,7	-9,2	-9,2
Cataluña	270,3	237,7	243,8	-25,9	-12,1	-12,1
C. Valenciana	228,7	200,9	185,7	-10,3	-12,2	-12,2
Extremadura	103,6	103,8	95,7	-14,8	0,2	0,2
Galicia	182,8	164,0	150,1	-3,6	-10,3	-8,5
Madrid	275,1	270,3	246,4	-23,4	-1,7	-1,7
Murcia	60,6	60,5	61,9	-19,6	-0,2	-0,2
Navarra	15,9	13,5	14,9	-32,3	-15,1	-15,1
País Vasco	123,9	110,6	96,0	-10,6	-10,7	-10,7
A Ríoxa	9,5	7,6	7,9	-11,2	-20,0	-20,0
Ceuta e Melilla	14,1	13,2	12,2	-1,4	-1,5	-6,4
España	2.562,0	2.301,8	2.213,4	-13,5	-10,2	-3,8

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Conxuntura Laboral nº 60. Marzo 2001 (con datos da EPA elaborada polo INE)
(1) Datos do 4º trimestre de cada ano

A taxa de paro, como é ben sabido, é a porcentaxe de parados sobre da poboación activa. No cadro 3.30 e máis no primeiro dos gráficos pódese ver a súa evolución para Galicia e España na última década. No ano 2001 baixou un punto en Galicia e só seis décimas España; a taxa galega de paro estimado queda por riba da estatal por terceiro ano desde que se elabora a EPA, anque reduciu o diferencial en catro décimas respecto do ano anterior e queda situado só en dúas décimas.


■ Cadro 3.30

**Evolución das taxas de paro. Global e por sexos.
Galicia/España. 1992-2001**


	Galicia										España									
	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Total	16,1	18,8	18,9	18,0	19,1	17,4	17,0	16,1	14,2	13,2	20,1	23,9	23,9	22,8	21,8	20,3	18,2	15,4	13,6	13,0
Homes	13,1	16,5	15,8	14,7	15,4	13,6	12,4	11,1	10,2	9,8	16,1	20,0	19,2	18,1	17,2	15,4	13,1	10,8	9,5	9,1
Mulleres	20,4	22,1	23,4	22,7	24,4	22,7	23,4	22,8	19,7	17,8	26,9	30,5	31,7	30,2	29,1	28,0	26,0	22,4	19,8	18,7

Elaboración propia
Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Evolución da taxa de paro global



Evolución da taxa de paro por sexos en Galicia



A visión a longo prazo reflicte que desde 1992 baixou en Galicia 2,9 puntos (un 18,01%) e en España en 7,1 puntos, o que porcentualmente representa practicamente dobra-la diminución do desemprego de Galicia (35,32%). Cómpre non esquecer á hora da avaliala converxencia real cos nosos socios da UE que a taxa de paro galega segue moi por riba da media da UE e máis aínda da dunha área xeográfica tan próxima a nós -histórica, cultural e economicamente- como o norte de

Portugal. Tampouco debemos perder de vista que nos últimos anos subiu a emigración galega (especialmente cara outras comunidades autónomas, como Canarias ou Baleares), válvula de escape que certamente impediu o aumento do paro en Galicia pero co importante custo humano (tan experimentado ó longo da nosa historia) que supón abandona-la propia terra.

O desglose por sexos da taxa de paro de Galicia permite observar (nese mesmo cadro e máis no segundo gráfico) que a taxa feminina é moi superior á masculina e que no último ano baixou novamente máis nas mulleres que nos homes, polo que se acurta o diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes (que en 1999 acadou o maior nivel da década analizada, con 11,7 puntos), anque segue sendo moi alto (8 puntos).

Na comparanza das taxas de desemprego de Galicia e España por sexos, compróbase que no ano 2001 a taxa masculina de Galicia queda 0,7 puntos por riba da estatal mentres que a feminina queda situada 0,9 puntos por baixo. O diferencial entre as taxas masculina e feminina é nese ano menor en Galicia (8 puntos) que no conxunto do estado (9,6 puntos).

No cadro 3.31 pódense ollar as taxas de paro das distintas comunidades autónomas no último cuatrienio e maila súa variación en cada un dos anos. Compróbase nel que no último ano baixaron as taxas de paro en doce comunidades (no ano anterior diminuíra en todas elas); o descenso en Galicia foi crecente ó longo dos tres primeiros anos analizados e baixou a un punto no último ano, no que por segundo ano consecutivo o fixo con máis intensidade que no conxunto estatal. Por riba da taxa media de desemprego estatal quedan no ano 2001 as seguintes comunidades: Andalucía, Asturias, Canarias, Extremadura, Galicia e Ceuta-Melilla.

Taxas de paro. Por comunidades autónomas. 1998-2001⁽¹⁾

■ Cadro 3.31

	Taxas de paro				Variacións anuais (en puntos porcentuais)			
	1998	1999	2000	2001	1998	1999	2000	2001
Andalucía	29,3	26,8	23,1	22,3	-2,6	-2,5	-3,7	-0,8
Aragón	11,0	8,1	7,2	7,6	-2,0	-2,9	-0,9	0,3
Asturias	17,8	18,2	16,4	13,1	-2,9	0,4	-1,8	-3,3
Baleares	11,4	7,5	7,1	5,5	0,1	-3,9	-0,4	-1,6
Canarias	17,2	14,1	12,1	13,1	-1,7	-3,1	-2,0	0,9
Cantabria	16,6	14,8	14,0	12,3	-3,9	-1,8	-0,8	-1,7
C. A Mancha	16,7	14,6	12,7	12,0	-1,4	-2,1	-1,9	-0,7
C. León	17,3	14,6	13,3	12,5	-2,0	-2,7	-1,3	-0,8
Cataluña	13,6	10,1	8,7	9,1	-2,6	-3,5	-1,4	0,3
C. Valenciana	15,3	13,4	11,3	10,3	-3,0	-1,9	-2,1	-1,0
Extremadura	29,4	24,3	23,2	22,1	-0,7	-5,1	-1,1	-1,1
Galicia	17,0	16,1	14,2	13,2	-0,3	-0,9	-1,9	-1,0
Madrid	16,3	12,2	11,6	10,2	-1,9	-4,1	-0,6	-1,3
Murcia	17,2	13,2	12,7	13,0	-1,9	-4,0	-0,5	0,3
Navarra	10,5	7,2	5,7	6,3	0,8	-3,3	-1,5	0,5
País Vasco	15,9	13,6	12,1	10,6	-3,4	-2,3	-1,5	-1,5
A Ríoxa	10,7	8,9	7,2	7,5	0,0	-1,8	-1,7	0,3
Ceuta e Melilla	26,1	26,1	22,8	20,8	-1,6	0,0	-3,3	-2,0
España	18,2	15,4	13,6	13,0	-2,1	-2,8	-1,8	-0,6

(1) Datos do 4º trimestre de cada ano, da EPA (INE)

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Conxuntura Laboral nº 56 e 60.

A aplicación da taxa de paro á poboación activa de cada un dos grupos de idade para os dous sexos presentámola para Galicia no cadro 3.32. Destacáramo-los seguintes aspectos relativos ó ano 2001:

■ Cadro 3-32

**Evolución das taxas de paro⁽¹⁾. Por sexos e grupos de idade.
Galicia. 1992-2001**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Ámbolos dous sexos										
Total	16,1	18,8	18,9	18,0	19,1	17,4	17,0	16,1	14,3	13,3
Menores de 25 anos	32,9	38,9	39,8	37,4	40,3	34,1	33,2	29,6	28,0	26,5
de 25 e máis anos	13,2	15,8	15,8	15,2	15,8	14,7	14,7	14,1	12,2	11,4
de 16 a 19 anos	30,0	41,3	41,1	38,7	40,3	41,3	34,1	34,2	31,5	32,3
de 20 a 24 anos	33,8	38,1	39,4	37,1	40,3	32,2	33,0	28,6	27,3	25,3
de 25 a 54 anos	15,4	18,6	17,8	17,1	17,7	16,3	16,3	15,4	13,0	12,6
de 55 e máis anos	5,4	4,9	7,3	7,2	7,1	6,6	6,2	6,9	8,3	5,8
Homes										
Subtotal	13,1	16,5	15,8	14,7	15,4	13,6	12,4	11,1	10,2	9,8
Menores de 25 anos	27,4	33,8	32,6	29,6	34,4	30,2	26,5	21,4	20,0	20,9
de 25 e máis anos	10,8	13,8	13,4	12,5	12,4	10,9	10,3	9,6	8,8	8,1
de 16 a 19 anos	27,0	37,9	35,5	34,1	30,3	41,2	29,6	27,0	22,7	30,0
de 20 a 24 anos	27,6	32,3	31,6	28,4	35,8	26,6	25,6	19,9	19,3	19,0
de 25 a 54 anos	11,8	15,6	14,3	13,2	13,0	11,3	10,9	9,9	8,7	8,5
de 55 e máis anos	7,0	6,4	9,8	9,4	9,1	8,8	7,2	7,8	9,0	6,5
Mulleres										
Subtotal	20,4	22,1	23,4	22,7	24,4	22,7	23,4	22,8	19,7	17,8
Menores de 25 anos	39,7	46,3	48,3	47,5	48,6	39,8	43,0	40,3	39,2	35,3
de 25 e máis anos	16,8	18,5	19,2	18,9	20,6	20,0	20,7	20,3	16,9	15,6
de 16 a 19 anos	34,4	47,3	50,2	44,6	59,6	41,5	42,6	49,0	49,6	36,8
de 20 a 24 anos	41,4	46,0	47,8	48,3	46,1	39,5	43,1	38,9	37,6	35,0
de 25 a 54 anos	20,7	23,3	23,0	22,6	24,5	23,4	23,7	22,8	18,9	17,9
de 55 e máis anos	3,2	3,2	3,9	4,3	4,7	3,5	5,0	5,6	7,4	4,7

Datos do 4º trimestre

(1) Porcentaxe de parados respecto da poboación activa de cada grupo de idade

Fonte: INE (EPA)

■ Globalmente (e tamén para cada un dos sexos) vai diminuíndo a taxa de paro nos catro grupos de idade a medida que se incrementa a idade considerada.

■ Reduciuse a taxa de paro global en tódolos grupos de idade agás no de 16 a 19 anos (por sexos, ocorreu eso mesmo nos homes e nas mulleres diminuíu nos catro grupos de idade).

■ Na análise diferenciada por sexos dentro de cada grupo concreto de idade, vese nese cadro que as taxas de paro son moito maiores nas mulleres en tódolos grupos de idade agás no grupo de idade de 55 e máis anos, en que é maior nos homes ¿Por que é moito menor a taxa de desemprego feminino neste grupo de idade?:

polo seu maioritario emprego nesas idades no sector agro-pesqueiro, que é con moita diferenza o de menor paro de Galicia.

A taxa galega de paro dos menores de 25 anos queda no ano 2001 co menor porcentaxe da década analizada: 26,5% (1,5 puntos por baixo da do ano anterior e 13,8 puntos menos que en 1996, ano no que acadou o seu valor máis alto). Pese a esa forte redución no último quinquenio, segue case dous puntos por riba da estatal (24,79%). Ámbalas dúas seguen a superar amplamente á media da UE; a continuación da súa redución posibilitará mellor a transición dos máis novos á poboación activa cara a un posto de traballo e non cara unha desocupación que desmotiva á xuventude e non crea riqueza para o país.

O cadro 3.33 presenta as taxas de paro -global e por sexos- das catro provincias galegas no último quinquenio. Por terceiro ano consecutivo a taxa global de desemprego baixou nas catro provincias (con especial intensidade en Ourense). Na análise do conxunto do período analizado, obsérvase que as taxas de paro do ano 2001 son as menores de calquera dos anos dese período nas catro provincias. Sobrancearémolos seguintes puntos referidos só último ano:

■ Cadro 3.33

**Evolución das taxas de paro. Por sexos e provincias.
Galicia. 1997-2001**

	Total					Homes					Mulleres				
	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001
A Coruña	16,5	15,9	14,8	13,8	13,6	13,8	12,8	10,7	10,5	10,8	20,7	20,5	20,5	18,5	17,6
Lugo	14,3	13,4	13,2	11,0	10,4	12,3	9,8	8,7	8,0	8,4	17,1	18,4	19,6	14,9	13,1
Ourense	16,6	20,9	19,5	15,4	12,3	14,3	17,1	14,4	9,2	8,2	19,7	25,8	26,0	23,4	17,8
Pontevedra	20,0	18,3	17,6	15,6	14,2	13,7	11,2	11,5	11,1	9,7	28,2	27,4	25,6	21,6	19,8

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

■ A provincia con maior proporción de ocupados no sector agro-pesqueiro (Lugo) é a que presenta, un ano máis, a taxa de paro máis baixa (10,4%).

■ Na comparanza coa taxa de paro española, globalmente están por riba dela dúas provincias (A Coruña e Pontevedra), unha menos que no ano anterior.

■ Por riba da taxa de paro global galega están tamén as provincias de A Coruña e Pontevedra.

■ No tocante ó diferencial entre a taxa de paro dos homes e a das mulleres, acada o maior valor en Pontevedra (10,1 puntos, fronte ós 8 puntos da media galega) e o menor en Lugo (4,7 puntos).

Para quen desexa afondar na análise da taxa de paro, presentamos os cadros 3.34, 3.35 e 3.36. O primeiro proporciona as taxas de paro -global e por sexos- por nivel de estudos terminados no último bienio; apreciase que a menor no último

ano é no grupo de estudos primarios e a maior no de analfabetos e segunda etapa do ensino secundario (moi especialmente nas mulleres neste último caso, pois a súa taxa de paro é máis do dobre que a dos homes dese mesmo nivel de estudos).

**Evolución das taxas de paro. Por sexos e nivel de estudos terminados.
Galicia. 2000-2001**

■ Cadro 3.34

	Total		Homes		Mulleres	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
Analfabetos	9,0	17,6	12,9	--	6,9	17,6
Estudios primarios	10,6	10,0	9,3	8,9	12,5	11,7
Educ. Secundaria. 1ª etapa ⁽¹⁾	14,7	12,7	9,8	10,4	22,8	16,8
Educ. Secundaria. 2ª etapa ⁽²⁾	18,8	17,2	13,3	10,6	25,6	24,3
Educación Superior ⁽³⁾	15,3	15,2	10,0	9,8	20,6	20,8
Total	14,2	13,2	10,2	9,8	19,7	17,8

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclo e os estudos oficiais de especialización profesional

Datos do 4º trimestre

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

O cadro 3.35 reflicte a evolución das taxas de paro por sectores económicos en Galicia e en cada unha das provincias no último sexenio. Sobrancearemos a nivel galego:

■ A baixísima taxa de paro na agricultura en todo o sexenio e a fortísima suba no ano 2001 da taxa de desemprego na pesca (sector no que a falla de renovación do acordo pesqueiro con Marrocos foi decisivo para esa negativa evolución).

■ Por sectores productivos, a taxa de paro maior en 2001 é a dos servizos, que queda co valor máis baixo do sexenio analizado.

■ Na análise cruzada de sectores económicos e provincias, a maior taxa de desemprego en 2001 é a da pesca na Coruña (12,4%), despois do fortísimo incremento do último ano (desde o 1,7% do ano anterior). A menor taxa de desemprego é a da agricultura nesa mesma provincia (0,8%).

O terceiro dos cadros recolle as taxas de paro -globais e por sexos- por grupos de idade e sectores económicos dos tres últimos anos, para facilitarlle ós lectores interesados a análise máis polo miúdo do desemprego galego.


Evolución das taxas de paro. Por sectores económicos e provincias. Galicia. 1996-2001

■ Cadro 3.35

		Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios
A Coruña	1996	1,1	17,2	14,2	20,8	9,1
	1997	1,3	8,1	9,6	11,3	9,5
	1998	0,6	8,0	10,0	9,3	10,5
	1999	1,8	3,3	10,7	10,7	8,6
	2000	1,4	1,7	7,6	12,5	9,2
	2001	0,8	12,4	5,9	9,2	8,6
Lugo	1996	2,6	20,0	11,0	18,1	11,6
	1997	2,0	23,0	18,3	17,0	9,9
	1998	0,7	3,9	7,5	17,0	11,9
	1999	2,1	-	10,7	12,7	10,3
	2000	2,2	5,0	9,7	4,6	9,0
	2001	1,5	-	10,4	2,4	8,8
Ourense	1996	5,3	-	10,0	24,2	11,3
	1997	4,5	-	7,9	11,2	8,6
	1998	3,0	-	9,8	19,0	10,8
	1999	10,7	-	15,1	8,9	9,1
	2000	6,8	-	10,9	7,1	10,3
	2001	1,6	-	6,5	6,1	9,9
Pontevedra	1996	3,3	4,8	12,6	20,2	12,9
	1997	1,8	3,9	13,4	13,9	10,9
	1998	3,0	5,0	7,8	10,2	12,1
	1999	1,8	5,1	9,2	11,8	10,6
	2000	5,4	5,2	9,1	10,8	11,3
	2001	2,9	5,7	9,4	9,1	10,1
Galicia	1996	2,7	9,8	12,8	20,8	10,9
	1997	2,0	6,9	11,5	12,8	9,9
	1998	1,5	5,9	8,9	11,8	11,2
	1999	3,0	3,8	10,6	11,1	9,5
	2000	3,2	3,7	8,7	10,5	10,1
	2001	1,6	8,1	7,8	8,1	9,3

Datos do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Taxas de paro por sectores. Galicia. 2001



■ Cadro 3.36

Evolución das taxas de paro. Por sexos, sectores económicos e grupos de idade. Galicia. 1999-2001

	Ámbolos dous sexos			Homes			Mulleres		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Agricultura e Pesca									
Subtotal	3,2	3,3	3,0	5,0	5,2	4,8	1,2	1,2	0,9
de 16 a 19 anos	-	-	34,7	-	-	-	-	-	-
de 20 a 24 anos	3,2	-	11,2	-	-	-	-	-	-
de 25 a 54 anos	4,3	4,7	3,7	-	-	-	-	-	-
de 55 e máis anos	0,4	0,8	-	-	-	-	-	-	-
Industria									
Subtotal	10,6	8,7	7,8	8,4	6,4	5,5	16,5	14,6	12,6
de 16 a 19 anos	1,9	8,0	5,4	2,3	6,0	6,9	-	13,5	-
de 20 a 24 anos	16,0	11,1	9,2	15,4	9,1	7,7	17,9	15,4	12,5
de 25 a 54 anos	10,6	9,1	8,3	7,8	6,2	5,7	17,1	15,7	13,3
de 55 e máis anos	7,4	3,7	3,6	6,2	4,4	2,1	12,6	-	8,9
Construcción									
Subtotal	11,1	10,5	8,1	10,9	10,9	8,1	15,0	-	7,1
de 16 a 19 anos	5,2	7,1	20,8	5,2	7,7	20,8	-	-	-
de 20 a 24 anos	13,5	17,8	13,9	13,2	18,1	14,5	-	-	-
de 25 a 54 anos	11,2	8,3	7,2	11,1	8,7	7,1	-	-	-
de 55 e máis anos	8,4	18,1	4,3	8,6	18,4	4,6	-	-	-
Servicios									
Subtotal	9,5	10,1	9,3	6,8	6,8	6,2	12,3	13,2	12,1
de 16 a 19 anos	29,3	33,1	16,8	30,1	24,5	7,3	28,6	43,0	23,9
de 20 a 24 anos	15,1	19,1	19,6	10,9	14,6	13,3	18,1	22,6	24,8
de 25 a 54 anos	9,2	9,1	8,8	6,1	5,9	5,6	12,4	12,3	11,6
de 55 e máis anos	4,4	5,3	4,5	5,7	4,0	5,1	2,7	6,9	3,8
Total sectores									
Total	16,1	14,2	13,2	11,1	10,2	9,8	22,8	19,7	17,8
de 16 a 19 anos	34,2	31,5	32,3	27,0	22,7	30,0	49,0	49,6	36,8
de 20 a 24 anos	28,6	27,3	25,3	19,9	19,3	19,0	38,9	37,6	35,0
de 25 a 54 anos	15,4	13,0	12,6	9,9	8,7	8,5	22,8	18,9	17,9
de 55 e máis anos	6,8	8,3	5,7	7,8	9,0	6,5	5,6	7,3	4,7

Datos do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

3.4.2. Distribución do paro por sectores económicos, sexos, tempo de busca de emprego, idades e provincias.

A análise da distribución do paro estimado galego por sectores económicos no último sexenio pode facerse a partir do cadro 3.37 que, como en anos anteriores, amosa que o colectivo máis numeroso é o formado polos desempregados que buscan o primeiro emprego ou ben perderon o último fai tres anos ou máis (que totaliza 64.700 persoas), e anque baixa en 4.800 persoas no último ano, supón un 43,10% dos desempregados galegos (0,72 puntos máis que no ano anterior).

Evolución do paro. Por sectores económicos. Galicia. 1996-2001

■ Cadro 3.37


	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Total	212,9	190,4	189,6	182,8	164,0	150,1
Agricultura e Pesca	8,7	5,5	4,1	5,5	5,9	4,4
Industria	21,5	19,8	16,3	19,9	17,3	16,2
Construcción	25,5	14,9	13,1	13,8	13,7	11,2
Servicios	54,0	51,5	60,8	53,1	57,7	53,7
Buscando 1º emprego	57,2	52,1	50,7	51,2	39,5	34,3
Non clasificables ⁽¹⁾	46,1	46,6	44,6	39,3	30,0	30,3

Datos en miles do 4º trimestre

(1) Parados que perderon o último emprego hai tres anos ou máis

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Distribución do paro en 2001



As persoas que perderon o seu último emprego hai cando menos tres anos rompen en 2001 coa traxectoria continuamente descendente do trienio anterior e estabilízase ó redor dos 30.000 desempregados. As persoas que buscan o seu primeiro emprego, continúan coa redución do ano anterior, anque certamente con menos intensidade.

Un ano máis, e aínda recoñecendo a importante mellora do último bienio (especialmente no ano 2000), subliñámo-la necesidade de romper con esta práctica exclusión do mercado laboral dun importante colectivo humano que non chegou a traballar nunca ou o fixo hai xa máis de tres anos e sen dúbida é un dos causantes -anque por suposto non o único- dos altos índices de pobreza de Galicia. En xuño de 2001 publicouse o libro: "Desigualdade, pobreza e polarización na distribución da renda en Galicia", no que se destaca que na década dos noventa produciuse en Galicia un estancamento ou deterioro dos indicadores de pobreza, desigualdade e polarización social.

Na análise da distribución propiamente sectorial do cadro 3.37 salientan no ano 2001 o de servizos polo seu alto nivel absoluto de parados (que supera nun 68,86% ó desemprego conxunto dos outros sectores produtivos) e o agro-pesqueiro polo seu baixo nivel de desemprego, anque se agacha nel un notable "paro encuberto" (Galicia non acada nin a metade da produtividade agraria media española).

Ningún sector productivo sobe o seu número de desempregados no último ano, mentres que no ano anterior subira en dous sectores.

A desagregación provincial por sectores económicos do volume absoluto de desempregados no último bienio que figura no cadro 3.38 reflicte que:

- Baixou o paro en tódalas provincias no ano 2001, agás na Coruña.
- A Coruña e Pontevedra concentran nese ano un 78,55% do desemprego total galego (dous puntos máis que no ano anterior).
- Na análise cruzada por sectores e provincias sobrancean pola magnitude do paro os valores dos servicios na Coruña e Pontevedra (conxuntamente son 41.000 parados), anque baixan nos dous casos respecto do ano anterior.

Evolución da distribución do paro. Por sectores económicos e provincias. Galicia. 2000-2001

■ Cadro 3.38


		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricultura	2000	0,6	1,1	1,4	1,4	4,6
	2001	0,3	0,6	0,3	0,7	1,9
Pesca	2000	0,3	0,2	--	0,9	1,4
	2001	1,6	0,2	--	1,0	2,5
Industria	2000	5,9	1,6	2,3	7,5	17,3
	2001	4,9	1,7	1,7	7,9	16,2
Construcción	2000	6,7	0,5	1,3	5,1	13,6
	2001	6,0	0,3	1,1	3,8	11,2
Servicios	2000	21,7	5,9	7,2	22,8	57,6
	2001	20,8	5,7	6,9	20,2	53,7
Buscando 1º emprego	2000	16,4	3,3	5,9	13,8	39,4
	2001	16,5	4,0	4,1	9,8	34,3
Non clasificables ⁽¹⁾	2000	10,9	4,6	3,4	11,2	30,1
	2001	12,9	2,9	2,8	11,7	30,3
Total	2000	62,5	17,2	21,5	62,8	164,0
	2001	62,9	15,4	16,9	55,0	150,1

Datos en miles do 4º trimestre

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai tres anos ou máis

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Distribución do paro por provincias en 2001



O cadro 3.39 presenta a evolución no último quinquenio da poboación desempregada de Galicia cun maior nivel de desglose que o dos sectores económicos: por ramas de actividade económica. Despois das persoas que buscan o seu primeiro emprego e das que perderon o seu último emprego hai polo menos tres anos, destacan por esta orde polo elevado desemprego no ano 2001: “outros servizos”, hostalería, construción e comercio (estas catro ramas seguen a ser as únicas que superan o nivel dos 10.000 desempregados).

■ Cadro 3.39

**Evolución da poboación parada. Por ramas de actividade económica.
Galicia. 1997-2001**

		1997	1998	1999	2000	2001
1	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	3,2	2,3	4,1	4,6	1,9
2	Pesca e piscicultura	2,3	1,8	1,5	1,4	2,5
3	Industrias extractivas	0,6	0,4	0,8	0,3	0,8
4	Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	—	—	—	—	0,3
5	Coquerías, fabricación de produtos químicos e produción de metais	2,5	2,7	0,9	0,8	0,8
6	Fabricación de produtos metálicos. Construción de máquinas e material mecánico	1,5	0,7	1,6	1,2	0,6
7	Fabricación de material de transporte	2,5	2,4	3,2	4,0	3,5
8	Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	7,9	4,6	4,0	3,4	3,8
9	Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtis	2,0	2,0	4,6	3,9	3,0
10	Industrias da madeira e cortiza	0,2	1,1	1,8	0,3	0,5
11	Industrias do papel, artes gráficas e edición e reprodución de soportes gravados	0,7	0,7	1,6	0,6	1,2
12	Outras industrias manufactureiras	1,8	1,9	1,5	2,8	1,6
13	Construción	14,9	13,1	13,8	13,7	11,2
14	Comercio por xunto e polo miúdo	10,7	11,4	13,5	14,9	10,5
15	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras	3,1	2,3	2,1	1,6	0,9
16	Hoteis, restaurantes e bares	8,9	10,5	11,1	11,7	12,1
17	Transportes e actividades anexas. Comunicacóns	3,4	4,3	1,4	4,9	3,3
18	Institucións financeiras e de seguros	0,3	1,1	0,5	1,3	0,2
19	Educación	3,7	4,5	2,4	3,0	3,4
20	Sanidade	5,1	7,8	5,1	6,0	5,2
21	Administracións públicas, Defensa e Seguridade Social	5,2	5,4	5,2	3,1	3,4
22	Outros servizos	11,1	13,5	11,6	11,2	14,7
	Non clasificables ⁽¹⁾	46,6	44,6	39,3	30,0	30,4
	Buscando 1º emprego	52,1	50,7	51,2	39,5	34,3
	Total	190,4	189,6	182,8	164,0	150,1

Datos en miles do 4º trimestre

(1) Parados que deixaron o seu último emprego hai 3 anos ou máis

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Atendendo á distribución da poboación parada segundo o tempo de busca de emprego que figura para a última década no cadro 3.40 destacaremos no ano 2001 que:

■ Continuou a redución en Galicia dos desempregados que levan máis de dous anos buscando emprego, pero con menor intensidade que no ano anterior. Representan case un tercio (32,2%) do total de persoas desempregadas, porcentaxe que supera en oito puntos ó estatal (mentres que no ano anterior ese diferencial era de 4,6 puntos).

■ A diferenza do ano anterior, baixaron tamén en Galicia no ano 2001 as persoas desempregadas que levan dun ano a dous buscando emprego e a súa participación na poboación total desempregada (18,7%) supera en 2,8 puntos á estatal (dúas décimas menos de diferenza que en 2000).

En conxunto, o paro de longa duración (o que abrangue ás persoas desempregadas que levan cando menos un ano buscando emprego) baixou en Galicia 1,8 puntos no ano 2001 e quedou situado no 50,9%, moi por riba da media estatal (41,1%); o diferencial Galicia-España abriuse no último bienio de 4,3 a 9,8 puntos. Velaí un importante colectivo de “excluídos” do noso mercado de traballo no que queda aínda moito por facer no camiño de potencia-la súa integración laboral.


■ Cadro 3.40

Evolución da poboación parada. Por tempo de busca de emprego. Galicia/España. 1992-2001

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999		2000		2001	
	%	%	%	%	%	%	%	Miles	%	Miles	%	Miles	%
Galicia													
Menos de 6 meses	28,4	27,0	23,6	26,6	23,3	26,7	28,9	57,8	31,5	52,6	32,8	46,8	31,2
6 meses a menos de 1 ano	18,6	16,7	12,0	11,4	13,5	12,0	9,9	23,7	13,0	21,4	13,0	19,3	12,9
1 ano a menos de 2 anos	21,3	21,7	22,3	16,7	19,6	19,7	18,6	25,0	13,7	31,8	19,4	28,0	18,7
2 anos ou máis	30,9	34,0	41,7	44,9	42,4	40,5	40,8	71,8	39,3	54,9	33,3	48,4	32,2
Xa atopou emprego	0,8	0,6	0,4	0,4	1,2	1,1	1,8	4,6	2,5	3,3	1,5	7,7	5,0
Total	100	100	100	100	100	100	100	182,8	100	164,0	100	150,1	100
España													
Menos de 6 meses	34,0	30,2	27,6	29,3	29,6	29,4	32,4	879,7	34,3	842,6	36,6	815,4	36,8
6 meses a menos de 1 ano	18,3	17,0	14,5	14,7	15,0	14,4	13,9	372,6	14,6	357,9	15,6	352,3	15,9
1 ano a menos de 2 anos	19,7	22,5	21,4	18,5	18,9	18,1	17,5	402,5	15,7	376,5	16,4	352,2	15,9
2 anos ou máis	27,1	29,6	35,9	36,9	35,6	36,7	34,5	845,0	33,0	661,7	28,7	557,6	25,2
Xa atopou emprego	0,9	0,7	0,6	0,6	0,8	1,3	1,7	62,2	2,4	63,1	2,7	135,9	6,2
Total	100	100	100	100	100	100	100	2.562,0	100	2.301,8	100	2.213,4	100

Elaboración propia
Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Distribución da poboación parada en 2001, por tempo de busca de emprego.



O cadro 3.41 explicita que das 48.400 persoas desempregadas de Galicia que no cuarto trimestre de 2001 levan polo menos dous anos buscando emprego (maioritariamente mulleres: son o 63,22%), 11.600 levan de dous a tres anos, mentres que máis do triple (36.800) levan polo menos tres anos. Destaca tamén que non seguiu no último ano a forte redución do ano 2000 das persoas desempregadas que levan máis de tres anos buscando traballo, posto que o ritmo de descenso foi a sexta parte que nese ano.

■ Cadro 3.41

Evolución da poboación parada. Por sexos e tempo de busca de emprego. Galicia. 1997-2001

		Menos de 6 meses	De 6 a 11 meses	De 1 ano a menos de 2 anos	De 2 anos a menos de 3 anos	Tres anos ou máis	Xa atopou traballo	Total
Total	1997	50,8	22,8	37,6	20,5	56,7	2,0	190,4
	1998	54,8	18,7	35,3	19,6	57,7	3,5	189,6
	1999	57,8	23,7	25	15,5	56,3	4,6	182,8
	2000	52,6	21,4	31,8	15,5	39,4	3,3	164,0
	2001	46,8	19,3	28,0	11,6	36,8	7,7	150,1
Homes	1997	29,3	11,5	19,3	7,3	19,0	1,4	87,8
	1998	28,4	9,1	16,3	6,8	17,6	1,7	79,8
	1999	28,7	9,8	9,4	6,4	16,2	2,0	72,5
	2000	24,3	10,4	13,0	6,0	11,5	2,6	67,8
	2001	22,1	7,8	11,8	4,0	13,8	4,2	63,9
Mulleres	1997	21,5	11,2	18,3	13,2	37,7	0,7	102,7
	1998	26,4	9,6	19	12,8	40,1	1,8	109,8
	1999	29,0	13,9	15,6	9,0	40,1	2,6	110,3
	2000	28,3	11,0	18,8	9,5	27,9	0,8	96,3
	2001	24,7	11,5	16,2	7,6	23,0	3,5	86,2

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Podemos facer un desglose entre os parados que buscan primeiro emprego e os que traballaron con anterioridade, analizando en cada un deles por grupos de idade e para cada un dos sexos: o resultado para o último trimestre do último quinquenio é o que figura no cadro 3.42. Sobrancearemos que volveron a baixar no 2001 tanto as persoas que buscan o seu primeiro emprego -por segundo ano consecutivo soben nos homes e baixan nas mulleres- coma no colectivo das persoas desempregadas que traballaron anteriormente -no que baixan nos dous sexos-.

■ Cadro 3.42

**Evolución da poboación parada segundo que traballara antes ou non.
Por sexos e grupos de idade. Galicia. 1997-2001**

	Total					Homes					Mulleres				
	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001
Buscando 1º emprego															
de 16 a 19 anos	10,2	7,9	7,0	4,0	4,6	7,2	4,3	3,3	2,1	2,9	2,9	3,7	2,9	2,0	1,7
de 20 a 24 anos	18,9	18,8	18,0	15,9	13,3	7,5	6,0	5,2	4,7	5,7	11,4	12,8	13,1	11,1	7,6
de 25 a 54 anos	22,8	23,7	22,1	19,6	16,3	4,9	4,6	3,0	5,6	4,5	17,9	19,1	23,3	14,0	11,8
de 55 e máis anos	0,2	0,2	0,2	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,2	0,4	0,0	0,1
Total	52,1	50,7	47,3	39,5	34,3	19,6	14,8	11,5	12,4	13,1	32,4	35,8	39,7	27,1	21,3
Parados que xa traballaron															
de 16 a 19 anos	3,1	2,0	2,1	3,9	2,8	2,1	1,4	1,5	1,8	1,6	1,0	0,6	1,2	2,1	1,2
de 20 a 24 anos	19,8	18,1	15,1	17,6	16,3	10,6	10,6	7,6	8,5	7,8	9,2	7,5	7,9	9,0	8,5
de 25 a 54 anos	105,1	109,4	108,3	88,7	86,9	47,2	46,7	45,5	36,2	35,0	57,9	62,8	58,5	52,5	51,9
de 55 e máis anos	10,3	9,4	9,4	14,4	9,9	8,2	6,4	6,4	8,8	6,5	2,1	3,0	3,1	5,6	3,4
Total	138,3	138,9	131,7	124,5	115,8	68,1	65,0	61,0	55,3	50,8	70,2	73,9	70,6	69,2	65,0

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Xa para rematar coa análise do paro estimado, presentamos no cadro 3.43 as taxas representativas da incidencia do paro nas vivendas familiares que teñen polo menos un activo, por proporción de parados e para cada comunidade autónoma no último trienio. No tocante á situación galega do cuarto trimestre do 2001, na análise desagregada das tres variables estudadas sobrancearémolos seguintes puntos:

**Taxas de incidencia do paro nas vivendas familiares con algún activo.
Por comunidades autónomas. 1999-2001**

■ Cadro 3.43

	Tódolos activos son parados			Polo menos a metade dos activos son parados			Tódolos activos son ocupados		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Andalucía	12,98	11,11	9,87	30,98	26,80	25,77	63,61	68,18	68,76
Aragón	3,30	2,75	2,45	10,44	8,97	9,13	86,64	88,53	87,75
Asturias	8,27	7,14	7,14	22,35	19,38	16,19	72,75	75,13	80,65
Baleares	3,01	3,12	2,76	8,80	8,82	6,82	87,92	88,84	91,77
Canarias	5,91	5,23	5,55	16,71	13,87	15,45	78,16	81,01	79,17
Cantabria	6,36	5,74	5,39	17,52	16,63	14,52	77,44	78,45	79,85
C. A Mancha	5,27	5,56	4,84	17,50	15,84	15,22	77,97	79,39	80,56
C. León	6,06	4,51	4,81	17,80	15,20	14,70	78,58	80,70	81,34
Cataluña	3,69	3,37	3,87	12,00	10,41	10,81	83,34	85,54	85,01
C. Valenciana	4,93	4,05	3,40	15,27	13,55	11,83	79,57	81,94	83,75
Extremadura	12,43	10,71	10,08	27,86	27,89	26,63	67,02	67,28	67,99
Galicia	7,48	5,66	5,57	20,18	17,14	15,81	74,08	76,48	78,86
Madrid	4,13	3,67	3,43	14,55	12,61	11,49	80,36	81,61	83,48
Murcia	4,80	4,46	5,23	15,25	14,78	14,84	78,88	80,20	79,28
Navarra	3,72	1,49	1,82	8,94	7,59	7,17	88,64	90,13	89,72
País Vasco	5,39	4,99	3,67	16,46	15,24	13,12	79,09	80,08	83,04
A Ríoxa	4,22	3,02	2,42	10,77	8,05	8,66	86,10	88,15	87,98
Ceuta e Melilla	9,01	9,83	7,78	29,60	24,81	22,94	63,29	65,46	70,68
España	6,52	5,63	5,28	18,25	16,05	15,24	76,88	79,17	80,15

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA).

■ Tódolos activos están parados nun 5,57% das vivendas familiares de Galicia que teñen alomenos un activo, algo por riba da media española (5,28%). No último ano houbo unha mellora lixeirísima en Galicia (0,09 puntos), menor que no total español (0,35 puntos).

■ Polo menos a metade dos activos están parados nun 15,81% desas vivendas familiares en Galicia, dato algo peor que a media estatal (15,24%) como xa ocorreu nos anos anteriores. No ano 2001 mellorou o dato de Galicia (1,33 puntos), aunque menos que no ano anterior (3,04 puntos); esa mellora en Galicia foi superior á do conxunto do Estado (0,81 puntos).

■ Tódolos activos están ocupados en Galicia nun 78,86% das vivendas familiares antes citadas: Como en todo o trienio analizado o dato é peor que a media estatal (80,15%). Respecto do ano anterior, mellora o dato en Galicia (en 2,38 puntos) máis que no estado (0,98 puntos).

3.5. O paro rexistrado

O paro rexistrado é unha fonte alternativa á vista no apartado anterior (o paro estimado, proporcionado polo INE nas Enquisas de Poboación Activa). Os seus valores para a nosa comunidade autónoma obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servicios de intermediación laboral, formación, prestacións, etc. Os datos son introducidos no Sistema de Información do INEM, que realiza o tratamento estatístico para o conxunto do Estado.

Para explica-la diferenza entre os datos do paro estimado e os do paro rexistrado hai que ter en conta que o primeiro resulta dunha estimación estatística e o segundo dun rexistro e neste último caso non tódolos colectivos teñen motivos para inscribirse (por exemplo por ter unha baixa expectativa de acceder ó traballo); ademais varios colectivos de desempregados non son computados polo INEM como parados, como por exemplo os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos (ou ben os que superando esa idade sexan demandantes de primeiro emprego), demandantes de emprego por período inferior a tres meses ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego. Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego (ou xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar).

Tendo en conta as moitas situacións que se inclúen na lexislación que regula cales son as demandas de emprego pendentes nas Oficinas de Emprego que non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e dado que os datos de paro homologables por Eurostat son os da EPA, non afondaremos no estudio do paro rexistrado. Lembraremos, eso si, que este último ten a vantaxe da súa maior desagregación territorial (ate o nivel dos concellos).

A evolución das medias anuais do paro rexistrado en Galicia -co detalle provincial- do último sexenio figura no cadro 3.44; nel pode apreciarse o lixeiro descenso do desemprego nas catro provincias galegas no último ano, que leva a que as catro obteñan o mellor dato do período analizado (despois da diminución continuada tódolos anos). O descenso do paro rexistrado do ano 2001 foi o menor do período analizado.

Evolución do paro rexistrado. Por provincias. Galicia. 1996-2001

■ Cadro 3.44

	1996	1997	1998	1999	2000	2001
A Coruña	72,2	70,4	65,0	57,5	56,8	55,1
Lugo	19,0	18,1	16,4	14,4	14,1	13,9
Ourense	21,2	20,6	19,4	17,6	16,8	16,4
Pontevedra	63,3	60,4	55,7	49,6	47,5	46,7
Galicia	175,7	169,5	156,5	139,1	135,2	132,1

Datos en miles. Medias anuais
Elaboración IGE
Fonte: INEM. (Estatística de Emprego)

O cadro 3.45 reflicte as taxas de paro das diferentes provincias e do total galego no ano 2001. Compróbase que a taxa galega de paro das mulleres é máis do dobre que a dos homes (supéraa nun 107,59%) e que mesmo na provincia na que a diferenza por sexos é menor (Lugo), a taxa feminina supera á masculina nun 80,30%.

Taxas de paro rexistrado. Por sexo e provincias. Galicia. 2001

■ Cadro 3.45

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	12,0	8,1	17,4
Lugo	9,0	6,6	11,9
Ourense	12,0	8,6	16,8
Pontevedra	11,8	7,8	16,9
Galicia	11,5	7,9	16,4

Datos en porcentaxe. Medias anuais
Elaboración: IGE
Fonte: INEM. (Estatística de emprego); EPA - Encuesta de poboación activa

A distribución espacial e sectorial do paro rexistrado de Galicia figura no cadro 3.46, que reflicte que o sector servizos representa practicamente a metade do total de persoas desempregadas (49,06%).

Paro rexistrado. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2001.

■ Cadro 3.46

	Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
A Coruña	55.088	1.308	9.167	6.312	26.979
Lugo	13.875	389	1.634	1.782	7.366
Ourense	16.410	376	2.871	2.376	7.916
Pontevedra	46.666	1.423	9.509	3.937	22.519
Galicia	132.038	3.496	23.181	14.406	64.779

Medias anuais
Elaboración: IGE
Fonte: INEM. (Estatística de emprego)

A análise cruzada por provincias para dez grupos de idade e cada un dos sexos pódese facer cos datos do cadro 3.47. O cadro 3.48 explicita a situación do paro rexistrado por provincias, detallada por niveis académicos : os niveis de EXB e Certificado escolar concentran un 67,75% da poboación desempregada de Galicia no ano 2001.

■ Cadro 3.47

**Paro rexistrado. Por sexo, provincias e grupos de idade.
Galicia. 2001**

A) Ámbolos dous sexos	Total	< 20 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 29 anos	de 30 a 34 anos	de 35 a 39 anos	de 40 a 44 anos	de 45 a 49 anos	de 50 a 54 anos	de 55 a 59 anos	>59 anos
A Coruña	55.088	1.495	6.704	9.237	7.994	6.816	5.773	4.727	4.723	5.185	2.434
Lugo	13.875	474	1.712	2.196	1.969	1.754	1.543	1.192	1.071	1.285	677
Ourense	16.410	480	1.651	2.213	2.061	1.904	1.759	1.507	1.654	2.135	1.045
Pontevedra	46.666	1.893	6.257	7.920	6.880	5.588	4.811	3.914	3.649	3.794	1.960
Galicia	132.038	4.342	16.325	21.567	18.904	16.062	13.886	11.340	11.098	12.399	6.116

B) Homes	Total	< 20 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 29 anos	de 30 a 34 anos	de 35 a 39 anos	de 40 a 44 anos	de 45 a 49 anos	de 50 a 54 anos	de 55 a 59 anos	>59 anos
A Coruña	21.682	678	2.015	3.145	2.595	2.271	2.076	1.859	2.317	3.190	1.538
Lugo	5.744	220	504	717	612	579	598	531	603	913	468
Ourense	6.746	207	492	728	662	640	615	590	829	1.333	650
Pontevedra	17.362	822	1.937	2.678	2.244	1.791	1.572	1.374	1.528	2.147	1.269
Galicia	51.534	1.926	4.948	7.267	6.113	5.281	4.861	4.354	5.277	7.581	3.925

C) Mulleres	Total	< 20 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 29 anos	de 30 a 34 anos	de 35 a 39 anos	de 40 a 44 anos	de 45 a 49 anos	de 50 a 54 anos	de 55 a 59 anos	>59 anos
A Coruña	33.406	817	4.690	6.093	5.399	4.545	3.697	2.868	2.406	1.995	896
Lugo	8.131	254	1.209	1.480	1.357	1.176	945	661	469	373	209
Ourense	9.664	273	1.159	1.485	1.400	1.264	1.144	917	825	802	394
Pontevedra	29.303	1.071	4.319	5.242	4.635	3.797	3.239	2.540	2.121	1.647	691
Galicia	80.504	2.416	11.377	14.299	12.790	10.781	9.025	6.986	5.821	4.818	2.191

Medidas anuais
Elaboración: IGE
Fonte: INEM. (Estadística de emprego)

■ Cadro 3.48

**Paro rexistrado. Por niveis académicos.
Galicia 2001**

	Total	Sen estudos	Est. primarios	Certif. escolar.	EXB	BUP	FP	Tit. medio	Tit. superior
A Coruña	55.088	64	1.456	16.716	20.066	6.781	3.835	2.540	3.630
Lugo	13.875	12	769	4.366	4.474	1.454	1.293	884	624
Ourense	16.410	9	638	6.525	4.992	1.890	1.084	682	589
Pontevedra	46.666	43	1.313	13.567	18.754	5.442	3.451	1.938	2.159
Galicia	132.038	127	4.176	41.173	48.287	15.567	9.663	6.044	7.002

Medias anuais
Elaboración: IGE
Fonte: INEM. (Estadística de emprego)

O cadro 3.49 presenta a distribución do paro rexistrado en dez grandes grupos profesionais para o total de Galicia e cada unha das súas provincias, que permite ás persoas interesadas afondar máis na análise.

■ Cadro 3.49

Paro rexistrado. Por grandes grupos profesionais e provincias. Galicia. 2001

	Total	1	2	3	4	5	6	7	8	9	0
A Coruña	55.088	371	5.411	4.307	7.076	11.475	1.083	8.158	4.212	12.964	31
Lugo	13.875	38	1.156	941	1.825	3.260	321	2.112	902	3.314	6
Ourense	16.410	80	993	884	1.923	3.607	361	2.304	1.440	4.810	9
Pontevedra	46.666	253	3.369	3.111	6.064	10.966	1.026	8.093	2.768	11.004	11
Galicia	132.038	743	10.928	9.242	16.888	29.308	2.790	20.668	9.322	32.092	58

Detalle dos grandes grupos profesionais

1. Dirección das empresas e das administracións públicas
2. Técnicos e profesionais científicos e intelectuais
3. Técnicos e profesionais de apoio
4. Empregados de tipo administrativo
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios
6. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
7. Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores
9. Traballadores non cualificados
0. Forzas armadas

Medias anuais

Elaboración: IGE

Fonte: INEM. (Estatística de emprego)

No cadro 3.50 podemos apreciar a distribución porcentual do paro rexistrado por sectores económicos para o total de Galicia e cada unha das súas provincias. Rematamos esta aproximación ó paro rexistrado galego co cadro 3.51, que recolle a evolución do paro rexistrado e das taxas de paro ó final de cada ano no último sexenio. Vemos que prodúcese tódolos anos unha diminución do total de desempregados galegos (aunque certamente moi lixeira no ano 2000), evolución decrecente que tamén se constata na traxectoria das taxas de paro nese período.

■ Cadro 3.50

Distribución porcentual do paro rexistrado. Por sectores económicos e provincias. Galicia. 2001

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servicios	Sen emprego anterior
A Coruña	100	2,4	16,6	11,5	49,0	20,6
Lugo	100	2,8	11,8	12,8	23,1	19,5
Ourense	100	2,3	17,5	14,5	48,2	17,5
Pontevedra	100	3,0	20,4	8,4	48,3	19,9
Galicia	100	2,6	17,6	10,9	49,1	19,8

Medias anuais

Elaboración: IGE

Fonte: INEM. (Estatística de emprego)

Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia 1996-2001.

■ Cadro 3.51

	Número de parados	Taxa de paro %
1996	175.592	15,68
1997	170.767	15,31
1998	152.781	13,79
1999	142.382	12,48
2000	142.216	12,16
2001	138.354	12,10

Datos de decembro de 2001.

Fonte: Xunta de Galicia "Informe do paro rexistrado", decembro 2001.

3.6. A poboación inactiva.

O cadro 3.52 presenta os datos da poboación inactiva de Galicia -con desagregación provincial- e España para o último trienio, detallando os inactivos segundo a situación de inactividade. Destacarémo-lo seguinte:

■ Cadro 3.52

Evolución da poboación inactiva e a súa distribución. Por situación de inactividade e provincias. Galicia/España. 1999-2001

	Total inactivos	Estudiante		Xubilado ou pensionista		Traballo da casa		Incapacidade permanente		Outra situación	
		Miles	%	Miles	%	Miles	%	Miles	%	Miles	%
1999											
A Coruña	487,4	88,0	18,1	238,5	48,9	132,2	27,1	15,9	3,3	12,7	2,6
Lugo	161,5	21,8	13,5	95,2	58,9	26,8	16,6	15,0	9,3	2,7	1,6
Ourense	161,4	24,6	15,2	99,2	61,5	30,6	19,0	4,8	3,0	2,2	1,3
Pontevedra	370,8	80,8	21,8	182,6	49,2	86,8	23,4	14,2	3,8	6,4	1,8
Galicia	1.181,1	215,2	18,2	615,5	52,1	276,4	23,4	49,9	4,2	24,0	2,1
España	16.039,9	2.959,6	18,5	6.605,9	41,2	5.239,9	32,7	812,4	5,1	422,0	2,5
2000											
A Coruña	495,9	98,9	20,0	244,8	49,4	125,5	25,3	15,7	3,2	11,0	2,1
Lugo	156,7	22,9	14,6	95,6	61,0	23,8	15,2	10,3	6,6	4,1	2,6
Ourense	157,1	23,0	14,6	98,3	62,6	27,3	17,4	6,2	4,0	2,4	1,4
Pontevedra	362,2	66,9	18,5	182,6	50,4	90,7	25,0	13,1	3,6	8,9	2,5
Galicia	1.172,0	211,7	18,1	621,3	53,0	267,3	22,8	45,3	3,9	26,5	2,2
España	15.900,4	2.870,5	18,1	6.638,7	41,8	5.126,8	32,2	884,2	5,6	380,2	2,3
2001											
A Coruña	491,3	98,2	20,0	245,9	50,1	124,4	25,3	12,0	2,4	10,8	2,2
Lugo	165,6	21,5	13,0	102,2	61,8	24,2	14,6	14,6	8,8	3,0	1,8
Ourense	158,0	25,8	16,4	94,8	60,0	27,1	17,2	9,2	5,8	1,2	0,8
Pontevedra	379,7	76,8	20,2	182,2	48,0	92,2	24,2	14,9	4,0	13,7	3,6
Galicia	1.194,6	222,2	18,6	625,2	52,3	267,9	22,4	50,8	4,3	28,7	2,4
España	15.872,3	2.730,1	17,2	6.808,2	42,9	5.119,0	32,2	849,9	5,4	365,1	2,3

Elaboración propia
Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

■ A poboación inactiva galega presenta unha suba de 22.600 persoas no ano 2001 (mentres que baixara no ano anterior), que contrasta coa diminución perceptible no total estatal.

■ A alta porcentaxe de inactivos galegos encadrados no grupo de xubilados e pensionistas (52,3%), anque baixa sete décimas no ano 2001 e queda 9´4 puntos por riba do valor estatal (anque recorta a diferenza respecto do ano anterior en case dous puntos). A nivel provincial, destacan moi por riba das medias galega e estatal as provincias menos desenvolvidas economicamente e que teñen un maior envellecemento da súa poboación: Lugo (61,8%) e Ourense (60%).

■ Está 9,8 puntos por baixo en Galicia respecto do total de España a porcentaxe do grupo de inactivos: traballo da casa (1,6 puntos menos que no ano anterior). As provincias nas que este colectivo está máis por baixo das medias galega e española son Lugo e Ourense (nas que non chega ó 20% do total de inactivos). Para explicalo, hai que ter en conta o elevado traballo da muller no sector agrario galego, que afecta máis a estas dúas provincias -sobre todo a Lugo- polo maior peso deste sector na distribución da poboación activa.

■ É menor no conxunto do Estado que en Galicia a porcentaxe de estudantes sobre o total de persoas inactivas. Subliñarémo-lo caso de Lugo e Ourense (as provincias de poboación máis envellecida) que están moi por baixo das medias galega e estatal.

■ No apartado de incapacidade permanente a porcentaxe de persoas inactivas de Galicia está 1,1 puntos por baixo da media española (seis décimas menos que no ano anterior). As provincias de Ourense e Lugo -moi especialmente esta- superan a porcentaxe estatal.

No cadro 3.53 presentámo-lo desglose por sexos da poboación inactiva galega no último bienio. A comparanza do total de inactivos e de inactivas reflicte que no ano 2001 continúa sendo numericamente maior a muller tanto no conxunto de Galicia coma en cada unha das provincias. No último ano a suba da poboación inactiva feminina galega (en 10.800 persoas) e a da masculina (11.900 persoas) foron moi semellantes en valores absolutos e reduciuse a diferenza por sexos só en 1.000 persoas, quedando en 292.300 persoas (un 64,82% máis de inactivas que de inactivos).

Atendendo á situación concreta de inactividade, os valores do conxunto de Galicia no ano 2001 seguen a ser maiores para as mulleres en tódolos apartados agás no de "outros". Sobranceira moi especialmente a súa maioría respecto dos homes no apartado de "traballo da casa", na que a participación destes é meramente simbólica estatisticamente -e menor que no ano anterior- mentres que, despois do lixeiro crecemento do último ano, o 35,82% das inactivas (só 0,17 puntos menos que no ano anterior) están comprendidas nese colectivo. Isto é unha mostra da menor incorporación da muller ó traballo para o mercado, anque o maior avance relativo da muller no grupo de "estudiantes" (no que xa supera nun 20´78% ó dos homes) pode permitir nos anos vindeiros unha maior incorporación destas cara no mundo da actividade laboral retribuída (anque cómpre para iso potencia-las medidas que impidan que o que suba sexa especialmente o xa moi alto desemprego feminino).

**Evolución da poboación inactiva. Por situación de inactividade, sexos e provincias.
Galicia. 2000-2001**

■ Cadro 3.53

A) Ámbolos dous sexos		Total	Estudiantes	Retirados, xubilados e pensionistas	Traballo da casa	Outros
2000						
A Coruña		495,9	98,9	245,6	125,5	25,9
Lugo		156,7	22,9	95,6	23,8	14,4
Ourense		157,1	23,0	98,3	27,3	8,6
Pontevedra		362,2	66,9	182,6	90,7	22,0
Galicia		1.172,0	211,7	622,1	267,3	70,9
2001						
A Coruña		491,4	98,2	246,2	124,4	22,6
Lugo		165,6	21,5	102,2	24,2	17,7
Ourense		158,0	25,8	94,8	27,1	10,3
Pontevedra		379,7	76,8	182,2	92,2	28,6
Galicia		1.194,7	222,2	625,4	267,9	79,2

B) Homes		Total	Estudiantes	Retirados, xubilados e pensionistas	Traballo da casa	Outros
2000						
A Coruña		181,2	43,4	120,2	0,5	17,1
Lugo		65,6	10,8	45,4	0,9	8,5
Ourense		62,8	11,0	45,8	0,5	5,5
Pontevedra		129,6	31,6	80,7	1,6	15,6
Galicia		439,3	96,8	292,2	3,6	46,7
2001						
A Coruña		184,3	46,2	119,8	0,0	18,3
Lugo		65,6	8,7	47,9	0,2	8,8
Ourense		62,2	12,0	43,0	0,0	7,2
Pontevedra		139,1	33,8	83,5	1,4	20,4
Galicia		451,1	100,6	294,3	1,6	54,6

C) Mulleres		Total	Estudiantes	Retirados, xubilados e pensionistas	Traballo da casa	Outros
2000						
A Coruña		314,7	55,5	125,4	125,0	8,8
Lugo		91,1	12,1	50,3	22,9	5,9
Ourense		94,3	12,0	52,4	26,8	3,1
Pontevedra		232,6	35,2	101,9	89,0	6,4
Galicia		732,7	114,9	329,9	263,7	24,2
2001						
A Coruña		307,1	52,0	126,4	124,4	4,3
Lugo		99,9	12,8	54,3	24,0	8,9
Ourense		95,8	13,8	51,8	27,1	3,1
Pontevedra		240,7	43,0	98,7	90,7	8,2
Galicia		743,5	121,5	331,2	266,3	24,5

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Cos datos anteriores da poboación inactiva podemos elabora-la porcentaxe que representa a poboación inactiva sobre a poboación de 16 ou máis anos. O resultado pode verse no cadro 3.54, desglosado por sexos, para Galicia -e cada unha das provincias- e España no último quinquenio. Salientarémolo seguinte:

■ Cadro 3.54

**Evolución da porcentaxe de inactivos sobre a poboación de 16 e máis anos.
Por sexos e provincias. Galicia/España. 1997-2001**

	Total					Homes					Mulleres				
	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001	1997	1998	1999	2000	2001
A Coruña	54,0	53,7	51,4	52,1	51,5	41,1	39,8	39,4	40,3	40,4	65,9	65,5	62,1	62,8	61,7
Lugo	50,1	51,9	51,1	49,8	52,8	40,8	42,2	41,9	42,1	44,0	59,1	61,1	60,1	57,3	60,9
Ourense	53,8	52,7	54,3	53,0	53,5	43,9	44,2	45,5	44,6	44,0	62,7	60,6	62,1	60,7	62,2
Pontevedra	49,8	48,6	48,6	47,3	49,4	38,3	38,0	37,3	36,0	39,0	59,8	58,1	58,5	57,3	58,5
Galicia	52,0	51,7	50,9	50,3	51,2	40,5	40,1	39,9	39,7	40,9	62,6	61,9	60,6	60,0	60,6
España	49,6	49,7	49,0	48,4	48,1	36,0	36,2	36,0	35,8	35,6	62,2	62,1	60,9	60,1	59,6

Elaboración propia
Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

■ Galicia aumenta en case un punto no ano 2001 a súa porcentaxe de persoas inactivas sobre a poboación que ten polo menos 16 anos, mentres que en España baixa en tres décimas, amplíase, xa que logo, o diferencial entre a porcentaxe galega e a española en 1,2 puntos e queda en 3,1 puntos. Acada (como o ano anterior) o valor máis alto na provincia de Ourense.

■ A diferenza por sexos entre a porcentaxe de poboación inactiva sobre a poboación en idade de traballar segue a ser bastante maior en España (24 puntos) que en Galicia (19,7 puntos); o diferencial Galicia-España queda no ano 2001 en 4,3 puntos, tres décimas máis que no ano anterior.

Rematando coa análise da poboación inactiva, presentamos no cadro 3.55 a distribución da mesma en catro grupos de idade no último bienio, con desglose de sexos e provincias para permitir a quen o desexe afondar na súa análise.

**Evolución da poboación inactiva. Por sexos, grupos de idade e provincias.
Galicia. 2000-2001**

■ Cadro 3.55

A) Ámbolos dous sexos		Total	de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos
A Coruña	2000	495,9	46,7	43,9	108,0	297,4
	2001	491,3	46,7	46,3	102,2	296,0
Lugo	2000	156,7	11,6	8,5	22,3	114,3
	2001	165,6	12,1	9,1	19,5	124,9
Ourense	2000	157,1	13,2	8,4	22,6	112,9
	2001	158,0	11,6	11,9	27,5	107,0
Pontevedra	2000	362,3	34,2	33,3	75,9	218,9
	2001	379,7	41,1	34,2	76,5	228,0
Galicia	2000	1.172,1	105,7	94,1	228,8	743,5
	2001	1.194,7	111,6	101,6	225,7	755,8

B) Homes		Total	de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos
A Coruña	2000	181,2	21,3	16,9	25,6	117,4
	2001	184,3	24,6	18,3	23,8	117,6
Lugo	2000	65,5	5,3	4,6	5,8	49,8
	2001	65,6	5,4	3,1	4,7	52,4
Ourense	2000	62,9	5,5	4,3	4,9	48,2
	2001	62,2	5,2	4,8	7,6	44,6
Pontevedra	2000	129,6	15,1	14,7	16,5	83,3
	2001	139,1	20,1	13,8	17,8	87,4
Galicia	2000	439,4	47,2	40,6	52,9	298,7
	2001	451,2	55,3	40,0	53,9	302,0

C) Mulleres		Total	de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos
A Coruña	2000	314,7	25,4	26,9	82,3	180,0
	2001	307,1	22,1	28,1	78,4	178,4
Lugo	2000	91,2	6,3	3,9	16,5	64,5
	2001	99,9	6,7	6,0	14,8	72,4
Ourense	2000	94,3	7,7	4,1	17,7	64,8
	2001	95,8	6,4	7,1	19,9	62,4
Pontevedra	2000	232,6	19,1	18,5	59,4	135,6
	2001	240,7	21,0	20,4	58,7	140,6
Galicia	2000	732,7	58,5	53,5	175,9	444,8
	2001	743,5	56,3	61,6	171,8	453,9

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

O cadro 3.56 permite face-lo seguimento na última década en Galicia da proporción que supoñen o conxunto dos parados e inactivos sobre dos ocupados. A continua elevación dos parados e inactivos de 1992 a 1996 -coa única excepción de 1995-, unida á permanente baixa dos ocupados no mesmo período -e coa mesma excepción-, provocou un importante deterioro no período 1992-1996 -só interrompido en 1995- do coeficiente que expresa a relación entre ambos.


■ Cadro 3.56

**Evolución comparativa da poboación parada ou inactiva e ocupada.
Galicia. 1992-2001**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
A. Poboación parada ou inactiva ⁽¹⁾	1.310,8	1.343,8	1.372,4	1.360,5	1.385,8	1.390,3	1.386,2	1.363,9	1.336,0	1.344,8
B. Poboación ocupada ⁽¹⁾	963,4	944,4	908,8	914,1	899,4	905,6	924,4	952,7	987,4	985,1
A/Bx100 Parados ou inactivos por cada cen ocupados	136,0	142,3	151,0	148,8	154,1	153,5	150,0	143,2	135,3	136,5

Elaboración propia
(1) Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Evolución de parados ou inactivos por cada 100 ocupados



Desde 1997 ate 2.000, o mellor comportamento relativo dos ocupados que dos inactivos e parados fixo mellorar este índice, que quedou no ano 2000 co mellor valor da década analizada. No ano 2001 non seguiu esa traxectoria descendente do citado índice senón que houbo un lixeiro repunte que o colocou lixeiramente por riba do nivel de 1992. Cómpre non esquecer que andamos a falar dos datos que proporciona a EPA, polo que na poboación inactiva só computamos a de 16 ou máis anos de idade.

A comparanza desta porcentaxe de Galicia coa estatal na última década pódese ollar no cadro 3.57. Compróbase que o diferencial a prol de Galicia acadou o máximo en 1993 pero desde entón o mellor comportamento relativo das variables do mercado laboral en España que en Galicia fixo primeiro que o diferencial se pechara ano tras ano no trienio 1994-1996 e que desde 1997 se abrise notablemente a prol de España. No ano 2001 aumentou en 4,1 puntos a diferenza do ano anterior (despois da estabilización dese ano) e segue a estar España na mellor posición relativa en comparanza con Galicia no total da década analizada.

■ Cadro 3.57

**Porcentaxe de parados ou inactivos en relación cos ocupados.
Galicia e España. 1992-2001⁽¹⁾**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Galicia	136,0	142,0	151,0	149,0	154,0	153,5	150,0	143,2	135,3	136,5
España	154,7	166,3	167,8	162,1	155,6	149,6	143,6	132,5	124,6	121,7
Diferencia Galicia/España	-18,7	-24,3	-16,8	-13,1	-1,6	3,9	6,4	10,7	10,7	14,8

Elaboración propia
(1) Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

